

andaina



andaina 38

SUMARIO

- 3 Editorial
- 4 Denuncias e comentarios
- 9 Adeus a dúas escritoras; Xela Arias e Luísa Villalta
- 10 ¡Xa non máis «pisadas dos homes»!
Festa das mulleres. Luns, 8 de marzo, 2004
- 12 8 de marzo
- 14 A muller no paraíso
- 17 Algúns indicadores que cómpre coñecer
- [Dossier] 19 Putas si, con dereitos
- 49 Rehabilitación de maltratadores
- [Entrevista] 54 Farida al-Nakash
- 60 Lembranzas dunha época:
Edel unha galega en Francia
- [Cine] 62 Monster
- [Libros] 64 Mulleres e educación en Galiza
- 65 O Cairo nos zapatos

Revista Galega de
Pensamento Feminista

Verán, 2004

Apdo. 1058
Santiago de Compostela

www.andainamulleres.org
andaina@andainamulleres.org

CONSELLO DE REDACCIÓN

Ana Arellano, Nanina Santos,
Berta Rey, Milagros Becerra,
Felicía Estévez, Laura Gómez e
Ana Luísa Bouza

COLABORAN NESTE NÚMERO

Irimia, Susana Fernández,
Ramona Barrio, Laura Oso,
Nanina Santos, N.S.C., Cristina
Garaizábal, Pilar Rodríguez,
Fátima Lahbabi, M^a Natividad
Marcotegui, Raquel Malvárez,
Laura Gómez, Lorena Tenreiro,
Ana Arellano e M. Tilve

DESEÑO GRÁFICO
CEBRA

IMPRIME
Grafisant, S. L.
D.L.: C-1.146-88

Andaina non se identifica necesariamente
coas opinións dos artigos que aparecen
nesta revista

EDITORIAL

Desde o último número desta revista, hai catro meses... lémbrese alguén daquel señoríño con bigote que non quixo sacarse a foto cando o Prestige? da arrogancia con que miraba as persoas que nos manifestamos contra a guerra de Iraq?... Pasou o atentado de Madrid, as eleccións, un novo Goberno... cantas cousas en poucos meses... Un novo Goberno co mesmo número de homes que de mulleres e cunha vicepresidenta; non está mal para empezar... non hai acordo sobre o tema das cotas entre as feministas, pero con cotas ou sen elas, é un paso adiante que viñamos reclamando desde hai tempo... fálese de que a nova lei electoral contemplará a cota de representación por sexos nas listas... Se é así, este feito vai provocar máis dunha interesante discusión dentro dos partidos políticos, estaría ben que tamén as provocase dentro do feminismo, porque tal parece que

o único que nos une sexan os malos tratos, nestes últimos anos todas as propostas feministas se enfocan desde o prisma da violencia, cun concepto tan amplo de violencia que acaba por ser un cúmulo desdebuxado do que non queremos, pero poucas veces se proclama o que queremos ou se discute sobre os medios para conseguilo.

Reunir vinte mil persoas nunha manifestación feminista non é calquera cousa, as mulleres que organizaron a marcha de maio en Vigo traballaron arreo para facer posíbel ese encontro e a resposta da xente foi boa, sobre todo a manifestación, menos aos debates e ao resto das actividades... Seis mil organizacións apoiaban este acto, a cifra non dá para máis que unha proclama xeral contra a violencia e a feminización da pobreza, os matices só se permitiron aparecer nos grupos e nas consignas; desde quen levaba a pegata de «regular a prostitución é lexitimar a escravitude» a esta mesma revista di-

fundindo unha escolma de artigos sobre sexualidade e a favor da regulación da prostitución, mulleres holandesas que cantaban o «Viva España» e que foron rapidamente aleccionadas por un señor sobre as diferencias nacionais, mulleres que denunciaban a ausencia das presas, senlleiros representantes de partidos e sindicatos e algunhas persoas coa bandeira republicana e outras cunha pegata contra a guerra, esa que nos meteu un señor con bigote do mesmo partido que a alcaldesa, quen tamén apoiaba o encontro... e a grande maioría que marchaba alegre, contenta por participar neste acto de reafirmación feminista, ver as caras de vellas coñecidas e corear antigas cancións... nos medios competía coa voda principesca, pero tivo o seu espacio.

Vale, as mulleres temos marcha abondo, está demostrado, agora tal vez conveña visualizar os camiños polos que queremos marchar. [6]



Medra a proporción de mulleres galegas novas que interrompen voluntariamente un embarazo non desexado (ao tempo que baixan os embarazos non desexados en mulleres nas vésperas do oito de marzo): longas listas de espera en xinecoloxía nos hospitais e a non realización de abortos con normalidade nos hospitais agás un en Ourense obrigan á maioría das mulleres que deciden abortar a facelo en centros privados ou fóra de Galicia pese á que a intervención ten un custo de uns 400 euros ao lado de algo menos de 20 euros que custa a píldora postcoital. ☞

Aínda sigo coa trela da
voda principesca e quero dicir:

Que en pleno século XXI haxa príncipes («po-la gracia de deus» ou polo «sangue azul» que tanto me ten unha cousa ou a outra) paréceme que infrinxe principios constitucionais a respecto da igualdade dos españois.

Que celebren unha voda de Estado gastando millóns de euros que pagamos coas nosas contribucións, violenta a sobriedade e discreción necesaria nun país onde hai moita xente en paro, moitos inmigrantes en situacións irregulares, moitas mulleres con traballos precarios, moita xente maior con pensións exiguas e outros moitos problemas que non imos esmiazar agora e etc.

Que se faga con carácter público unha voda relixiosa católica nun país aconfesional tamén dá fe de cómo entende a monarquía o seu papel. A única voda pública debería ser a civil. O matrimonio católico (ou o rito que lles parece) é asunto privado e non debe incluírse na voda de Estado e as nosas expensas. ☞

MULLERES LENDARIAS

«Por terceiro ano consecutivo –din no editorial a Equipa de Normalización Lingüística do IES. Esparís– presentamos un novo número da nosa revista dedicada a recuperar a memoria de mulleres que tiveron presenza na nosa historia e que non se ven reflectidas nos sisudos textos que estudiamos nos centros de ensino.

Este curso seleccionamos para este monográfico o tema das mulleres lendarias, figuras representativas da mitoloxía galega, relixiosa, do imaxinario colectivo ou mulleres que o paso do tempo converteu en míticas ou ben outras que xorden na tradición oral sen soporte histórico».

Raíña Lupa, Arcavella, Santa Minia e Santa Mariña, María Balteira, Dona Urraca, Inés de Castro, María Soliño e María Pita foron seleccionadas xunto con figuras máis próximas no tempo como Pepa a Loba e a Bela Otero.

Cada aula traballou unha destas mulleres documentándose sobre a súa vida e cómo chegaron a formar parte da lenda, usando as técnicas narrativas que lles pareceron oportunas participando a totalidade do alumnado no traballo xunto a nove profesoras e profesores de distintos departamentos, axudando así a conservar e transmitir as lendas destas mulleres. ☞



UN GOBERNO PARITARIO!


Por fin! Zapatero superou todas as expectativas ao colocar no Goberno tantas mulleres como homes e ao non reservar exclusivamente as tradicionais carteiras femininas.

Pode servir de exemplo a tantos outros gobernos, executivas e consellos da política, da banca, da relixión ou da milicia que non consideran relevante a paridade de sexos nos cumios onde se toman decisións para a cidadanía.

Pode servir de exemplo da importancia de facelo, de que non é imposible e nin sequera tan difícil como ás veces se teima en facernos crer.

Hai moitas, moitísimas mulleres ben preparadas, moi preparadas e con igual ou mais ambición que varóns que ocupan postos de ordeno e mando.

Facer un goberno paritario é unha política. Das campañas electorais e das propagandas hai que pasar aos feitos. Nisto, Zapatero, merece aplauso! ☞



Setenta soportes publicitarios (MUPIS) dos deseñadores gráficos máis importantes de España colocaron os seus traballos polas rúas de Xixón (Asturias). Este ano, a sexta edición, dedicaron os seus traballos á denuncia da violencia machista que tantos homes practican no ámbito das relacións amorosas.

6

ZAHA HADID

Zaha Hadid, arquitecta iraquí de 53 anos afincada en Londres recibiu o premio Pritzker (unha especie de Nobel de arquitectura, cunha asignación económica de 100.000 dólares) fallado en Os Anxeles pola fundación Hyatt. Entregóuselle o 31 de maio no Museo Ermitage de San Petersburgo. Ela é, no dicir de entendidos, máis artista que arquitecta e máis personaxe que artista. O premio sobrancea a súa imaxinación en edificios xeométricos. Zaha proxecta un bairro en Bilbao, unha praza en Barcelona e unha decoración no hotel Porta América de Madrid. 6



ISABEL LÓPEZ CALZADA



O xoves 11 de marzo presentouse no Auditorio Nacional a Orquestra Sinfónica de Mulleres de Madrid. Un debú de moita castañola porque é a primeira formación feminina de Europa deste tipo lograda pola iniciativa e tesón de Isabel López Calzada, directora de Orquestra, de 35 anos, natural de Villaviciosa de Odón.

Nada menos que 93 intérpretes (90% españolas, e o 10% restantes: rusas, estadounidenses e polacas) decididas a recuperar o patrimonio da música feita por mulleres e a interpretar a de autoras vivas coas que poderán discutir cómo queren que soe a súa música. 6

MAIORÍA DE UNIVERSITARIAS

Segundo o censo de 2001 publicado polo INE as mulleres con título universitario xa son máis cós homes. En dez anos a proporción de universitarias duplicouse pasando do 6,8% en 1991 ao 13,9% no 2001. Pero non só nas universidades, en todas as franxas de idade a partir dos 16 anos, que é o límite da formación obrigatoria, as mulleres que continúan a súa formación son maioría.

Pero en canto nos detemos a mirar que estudian unhas e outros a distinción por sexos resulta evidente, hai maioría abrumadora de mulleres en ciencias sociais, maxisterio, arte, humanidades, e nas ramas de saúde e servizos sociais –a faceta de coidadoras segue estando entre as preferencias femininas– están case igualadas en dereito e ciencias, e son unha minoría nas enxeñerías, informática, arquitectura...

Onde non avanzamos é no índice de paro (18,7% no ano 2001) que segue a estar moi por riba do masculino (11,1% para ese mesmo ano). Explicacións para este feito? As de sempre, non só escollen as carreiras con maior índice de paro, senón que ademais ven-se prexudicadas na súa dispoñibilidade laboral pola dobre xornada, a conciliación da vida familiar e laboral de momento é só un bonito lema. ☞

A IGREXA METODISTA DE EE. UU.

A IGREXA METODISTA DE EE. UU. A IGREXA METODISTA DE EE. UU.

A igrexa metodista de EE. UU. acepta por primeira vez unha pastora lesbiana. Un tribunal eclesiástico de 13 persoas relixiosas exculpou a Karen Dammann que fixo pública a súa homosexualidade. Karen está xa restituída á súa congregación preto de Seattle. Ela considerou que mentir, ocultar, agachar se tiña convertido para ela en algo insoportable así que mandou xa no 2001 unha carta ó seu bispo comunicándolle que vivía unha relación homosexual e que se tiña comprometido coa súa parella coa que criaba un fillo. O Arcebispo de Seattle dixo que o veredicto ía molestar a algúns dos seus fieis pero que se seguirá debatendo e acabará por aceptarse. ☞

**SARAH WATERS**

Sarah Waters presentou en Barcelona a tradución e publicación en Anagrama da súa terceira novela e primeira en ser traducida ó español:

El lustre de la Perla que gañou premios importantes en Inglaterra. A historia, «o vicio e a transgresión». O amor lésbico na época victoriana. ☞

PUBLICIDADE

dorian
PELUQUEROS

C. Betanzos, nº. 15
Santiago de Compostela
Tel.: 981 563 677

ELAS TAMÉN TORTURAN

A civilizada coalición occidental acaudillada por USA, que foi a Iraque polas armas de destrucción masiva e para liberar ó mundo dun torturador chamado Sadam Hussein deu algunhas probas da súa capacidade de hipocresía, mentira e humanidade (¡Menos mal que xa para aquel entón o novo goberno de España decidira retirar as tropas españolas que andaban por alá en misión humanitaria!).

As fotos que asomaron a primeiras planas de tantos xornais fixéronnos tremer. Soldados e soldadas, cumprindo ordes, déronnos probas do que sucede –con total seguridade– en moitas mais prisións de todo o planeta (léanse senón os informes de Amnistía



Internacional). A diferenza en Iraque é que os estadounidense sentíndose tan invulnerables e prepotentes non repararon en fotografarse cos seus trofeos de guerra.

ELAS por certo tamén deron probas de terse incorporado en plenitude de condicións as cousas deste mundo con total entusiasmo... Idea absolutamente repugnante a de igualarse con eles nas actuacións abominables... e que ademais vén desmentir unha idea con predicamento no feminismo de que cando elas manden en igual número ca eles todo irá mellor porque as mulleres teñen mais senso de humanidade que os varóns, violentos e depredadores. 6

O alcalde de San Francisco, Gavin Newsom decidira nun xesto audaz autorizar as vodas gais, legalizando así matrimonios homosexuais. O argumento: «Perdoen, pero quérollo repetir: en 16 estados deste país, non hai moito –os 36 anos que teño– non permitían que os brancos casaran cos negros ou cos asiáticos. Todo cambia. E creo que é hora de que practiquemos o que predicamos, e eso hai que estender o lazo que se establece entre dúas persoas que o único que queren é ter os mesmo dereitos que os demais». Montouse un bo guirigai. O Supremo de Massachusetts xa considerara inconstitucional prohibir as vodas gais e desde o 17 de maio se dan licencias matrimoniais ás parellas gais. O xesto californiano estendeuse a outras cidades: Pórtland, Novo México e Nova Iorque e o patio político con esta cuestión e as eleccións de novembro anda moi revoltado e non consegue tranquilizarse coa paralización que o Supremo de California fixo dos matrimonios até que se decida que facer. Por exemplo o condado de Benton, en Oregon, decidiu a finais de marzo paralizar todas as licencias matrimoniais mentres os tribunais deciden se son constitucionais ou non as vodas gais.



Amosan o documento que acredita o seu matrimonio

Tamén neste lado do Océano, no Concello de Bègles, preto de Burdeos, Francia, o alcalde verde Noël Mamère, ousou desafiar ó primeiro ministro e casar a Bernar e Stèphan o cinco de xuño «En nome da lei, declárovos unidos polos vínculos do matrimonio» que selaban a súa unión cun bico longo e cun libro de familia que os acredita como matrimonio. 6

Festa da Palabra, núm. 18 (2003)

Ven de publicarse o último número da revista *Festa da Palabra*, editada pola asociación Feministas Independentes Galegas e subvencionada pola Concellaría da Muller do Concello Vigo.

Este número 18, propónse a reivindicación do traballo silenciado das mulleres galegas, en concreto do traballo industrial nos séculos XIX e XX que supuxo un aporte económico fundamental e indispensable para manter a nosa sociedade. A

Festa da Palabra, nesta nova xeira, pretende acabar con este inxusto silencio e aportar luz dende a análise socioeconómica dunha realidade que debe ser recoñecida e recompensada. As mulleres urbanas do noso país contribuíron de xeito decisivo a o desenvolvemento económico de Galicia, traballo sempre esquecido fronte ao da muller labrega ou mariñeira que foi o que trascendeu como imaxe da traballadora na nosa terra. A tal fin, a Asociación Feministas Independentes Galegas e a Concellaría da Muller de Vigo convocaron o premio de investigación Festa da Palabra 2003 co tema: «As Operarias de La Artística de Vigo, desde os seus comezos até os anos 80». O xurado concedeu por unanimidade o premio ao traballo de María Luisa Muñoz Abeledo, «As mulleres de La Artística. Un estudio sobre o traballo feminino na industrialización de Galicia», estudo que se reproduce neste número e que constitúe o monográfico da revista.

Realmente interesante o antecitado estudio, tanto polo seu rigor científico e as fontes primarias de investigación que utiliza como pola descripción detallada das condicións de traballo na emblemática fábrica viguesa de envases metálicos, que empregou man de obra fundamentalmente feminina durante boa parte do século XX.

O resto de número, como é habitual, baixo o epígrafe de «Actualidade», comprende traballos sobre creación literaria e plástica, colaboracións que afondan nos textos e as vidas das mulleres escritoras galegas, e artigos sobre feminismo. Destacamos o de Ángela G. Alfarache Lorenzo titulado: «De invertidas, pervertidas e lesbianas», que fai un breve percorrido histórico sobre a construción cultural do lesbianismo centrado no erotismo das mulleres e a construción de xénero introducindo a cuestión da identidadelésbica.

Finalmente, subliñar o artigo «Festa Xela» de Marga Romero sobre a poeta recentemente falecida Xela Arias Castaño. 6



DEZ.EME

Dez.eme. O número 7 correspondente ao mes de marzo de 2004 desta revista editada pola Fundación Dez de

Marzo, está adicada a historia das mulleres. A través de diversos artigos dá conta da importancia que tiveron as mulleres como protagonistas dos cambios sociais acontecidos no pasado século. Mulleres nos cárceres e no exilio, na loita antifascista e nas reivindicacións femistas, está documentado cunha escolma do Arquivo Histórico de CC. OO. no que se mostran contratos laborais, fotos de mobilizacións e folletos feministas. Inclúe tamén unhas propostas para traballar nas aulas o tema, comentarios de libros e outras e variadas cousas interesantes entre a que escollemos unha: a homenaxe a Manolo Vázquez Montalbán escrita por Rosa Regás. 6




Adeus a dúas escritoras;

Xela Arias e Luísa Villalta

A literatura galega doeuse estes últimos meses coa morte de dúas senlleiras escritoras, ambas dunha idade semellante, vitais e comprometidas coa sociedade na que vivían, a ambas lles sorprendeu a morte sen aviso previo, con planos e proxectos iniciados... pero ninguén morre de todo, viven elas agora na nosa memoria, lembrémolas pois para que sigan entre nós, leamos os seus libros, nas súas palabras escritas están tamén elas, son os seus pensamentos e sentires que reverten desde a súa man ata nós.

Xela Arias faleceu o 2 de novembro de 2003. Nacida en Lugo en 1962, licenciouse en Filoloxía pola Universidade de Vigo, o seu nome comeza a vincularse á cultura galega en 1980, coa fundación de Xerais, editorial da que forma parte desde o primeiro momento. En Xerais traballou como correctora e asesora lingüística durante dez anos. O seu primeiro poemario *Denuncia do equilibrio* (1986), supuxo a aparición dunha proposta poética moi persoal fóra das convencións programáticas do momento. En *Diario a diario* (1996) a escritora reflicte a súa experiencia da maternidade. Aínda que o seu libro máis coñecido foise *Tigres coma cabalos*, un libro polémico no que se unen poesía e fotografías de espidos da poeta realizadas por Xulio Gil. A súa obra apareceu tamén en publicacións colectivas como *Daquelas que cantan* (Fundación Rosalía de Castro, 2000) ou en *Palabra de muller*, Xerais (1992). Destacou tamén como traductora ao galego de textos tan importantes como *Dublineses* de James Joyce ou *Venus Negra* de Angela Carter así como textos de Castelo Branco. A súa morte coincidiu coa publicación de *Intemperiome* Espiral Maior (2003).

A escritora e compositora Luísa Villalta foise o 6 de marzo de 2004. Nacera en A Coruña en 1957 e é autora dunha extensa obra poética e narrativa e ademais participaba regularmente en recitais e actos de difusión da poesía galega. Titulada en violín e máis en Filoloxía Galego-Portuguesa e Hispánica, formou parte da Xove Orquestra de Galicia e de diversos grupos de cámara galegos. A música tamén está sempre presente na súa obra escrita. A súa sólida formación musical e o seu coñecemento do medio teatral fundamentan os dous ensaios que ten publicados, *O Don Hamlet de Cunheiro: unha ecuación teatral* (1992) e *O outro lado da música, a poesía* (1999). En poesía destacan *Musica reservada* (1991), *Ruído* (1995) e *Rota ao interior do ollo* (1995). Tamén tiña colaboracións en diferentes medios, antoloxías e publicacións periódicas, como *Festa da Palabra Silenciada*, *Grial*, *Mundo Lusófono*, *Tempos Novos* ou *Mealibra*. Na súa obra narrativa destacan novelas como *Silencio, ensaiamos* (1992), *Teoría de Xogos* (1997) e *As chaves do tempo* (2001) e no xénero teatral *Concerto para un home só* (1989), *O representante* (1990), *O paseo das esfinxes* (1991) e *As certezas de Ofelia* (1999). En xaneiro deste ano foi laureada co XII Premio Espiral Maior de Poesía polo libro *En Concreto*. Formou parte tamén da directiva da Associação de Escritores em Língua Galega (AELG). 



¡Xa non máis «pisadas dos homes»!

Festa das

O luns 8 de marzo celebramos no Local Social de Lesta a nosa festa, «a festa das mulleres»; unha festa na que participamos mulleres do Sindicato Labrego Galego. Quixemos ser unhas máis entre os miles de mulleres que en moitos países do mundo enteiro celebramos o Día da Muller. E nós xuntámonos para dicir o que queremos, e dicírnolo unhas a outras... xuntámonos para falar do que vivimos, do que soñamos ... Xuntámonos para dicir con voz ben alta «aquí estamos as mulleres. Aquí estamos as mulleres da aldea».

IRIMIA



Chegamos a Lesta aí polas 11 h-11.30 h da mañá... había que deixar as cousas feitas na casa: deixar muxido, prepara-l@s nen@s para a escola... e algunhas ata deixarlles o xantar feito para os que quedaban... Outras chegaron despois de comer porque «senón na casa non se amaían».

Maruja, Sara e Herminia déronnos a benvida cun precioso ramo de mimosas e buxo que María preparara a fin de semana na súa casa. E xa, pasamos ás presentacións: Pilar, Josefa, Maruxa, Consuelo, Rosa, Edita, Marisol, Nieves,

partir moitas das nosas cousas para curar feridas, para impulsar novas enerxías, para animarnos e crear mundos novos. E de todo iso houbo tamén na posta en común, na que compartimos experiencias importantes:

Aprendemos a facer cousas novas que antes non se facían, como

«As mulleres, se queremos, podemos. E segundo nós mesmas loitemos, iremos conseguindo as cousas».

e aínda tamén de moitas mulleres que non teñen esta conciencia nova ou, ás veces tamén, de nós mesmas que non nos atrevemos a dar certos pasos.

Gañamos en liberdade e algunhas dicían que moito desa liberdade vai dependendo tamén da decisión nosa: «As mulleres, se queremos, podemos. E segundo nós mesmas loitemos, iremos conseguindo as cousas».

Melloramos en valorarnos máis a nós mesmas no que somos e no que facemos. Por iso arreglámonos máis e presumimos máis de nós. Imos aprendendo a ter máis autoestima, a estimarnos máis a nós mesmas. E aínda nos queda moito por camiñar nisto.

Falamos. Falamos con voz propia. Falamos con voz de muller. Falamos con voz de muller de aldea: voz realista, voz cálida, voz tímida por veces, voz de resistencia, voz forte e agarimosa a un tempo, voz calada en ocasións, voz de concordia e paciencia, voz que crea risas e bo humor, voz dialogante, voz de experiencia de séculos, voz de semente, voz de futuro.

E despois dos falares... os xantares... un xantar compartido coa comida que trouxemos cada unha das nosas casas... Aproveitamos para saborear os nosos bos produtos do país: tortillas, chourizos, xamón... o queixo riquísimo da Rosa, o finísimo bizcoito da Fina, as squillas de festa da Consuelo...

E tamén bailamos, cantamos, fixemos xogos, disfrutamos, rimos... Xuntas. Xuntas e compañeiras. Ata pasadas as 5 h da tarde... o traballo esperaba na casa... ☞

mulleres

Luns, 8 de marzo, 2004

Dorinda... e así máis de 30 mulleres de distintas parroquias dos concellos de Frades, Oroso, Ordes, Trazo e Tordoia.

Seguidamente xuntámonos nunha comunicación por grupos que foi rica, como tamén ricas son as nosas vidas. Necesitamos com-

conducir o coche ou o tractor, ou tamén cocinar certos pratos diferentes, e impresionámonos ó ve-la capacidade de traballo que témolas mulleres e o pouco valorado que é tantas veces. Hai uns anos, a muller que se atrevía a dicir ou a facer cousas novas e diferentes criticábana dicindo que non estaba «pisada do home». Aínda hai moitas mulleres «pisadas dos homes», ata tal punto que moitas situacións de maltrato as vemos cáseque como normais. Pero nós queremos respecto e igualdade de dereitos. Estamos aprendendo a dicir o que pensamos e tamén a denuncia-las cousas que non nos parecen ben. Como mulleres, hoxe, somos máis conscientes dos nosos dereitos.

Melloramos na forma de educar @s nos@s fill@s, dándolles unha formación máis igualitaria, aunque isto está costando pola influencia contraria dos da casa ou do home,




8 de marzo

Goza das diferenzas

3 MARZO 2004 · DIA DA MULLER

2004 · DIA DA MULLER



mar

A discrimina

MAATA

IÓN DE



*In dubio,
pro reo*

PERFECTO COMAS

Espezo por confesar que, despois de scanda traxo de vida de...



...de Galicia...
...de Galicia...
...de Galicia...

Sete manifestacións en Galicia honran o 8 de marzo Reclaman 'o fin da discriminación laboral e da violencia contra as mulleres'

A.N.T. Balaio e lema *Diferentes si, desiguais non*, mulleres de todos os ámbitos políticos, académicos e culturais reivindicaron o pasado sábado pola rúa do país, reclamando o fin da discriminación e da violencia contra as mulleres, desde os malos salarios e a explotación laboral ata que se sucederon os casos de violencia de xénero en varias cidades e que contou con a participación de máis de 100 mulleres.

As mulleres de Galicia reivindicaron a vida e máis liberdade para as mulleres de Galicia. O pasado sábado, 8 de marzo, as mulleres de Galicia reivindicaron a vida e máis liberdade para as mulleres de Galicia. O pasado sábado, 8 de marzo, as mulleres de Galicia reivindicaron a vida e máis liberdade para as mulleres de Galicia.

Con esta situación xeral de violencia e desigualdade, o 8 de marzo, no día Internacional da Muller, satélizouse en toda Galicia...



atención á violencia, as condicións laborais e á pobreza. Convocadas pola Marcha Mundial das Mulleres e apoiada por representantes de sindicatos, partidos políticos e outros colectivos profesionais e sociais, as manifestacións, coincidindo coa proximidade das eleccións locais, contaron cunha participación maior que en días anteriores.

A diferenza doutros anos, non se levou a cabo unha mobilización unitaria en Compostela, senón que os diferentes colectivos convocaron...

as mulleres de todas as poboacións con convocatoria local. Compostela, Vigo, Lugo, Ferrol, A Coruña, Pontevedra e Ourense foron as cidades que congregaron un maior número de participantes, nas que se servíronse polas rúas rúas, con diferentes lemas e faixas, a igualdade de laboral e a loita contra a explotación e a pobreza, as mesmas reivindicacións que marcarán a mobilización mundial de mulleres que acollerá Vigo os días 22 e 23 de maio, e que reunirá nesta cidade preto de 10.000 mulleres...

Sociedade Nº 15

violencia de xénero están presentes nas nosas vidas con maior ou menor intensidade, mentres os poderes políticos, económicos e culturais, queiran que participemos das nosas propostas por unha Europa de inclusión e de desigualdade" apuntase desde a Marcha Mundial das Mulleres. Neste sentido, a súa resposta é clara: "diferentes si, desiguais non". Para o colectivo "as injusticias estruturais de estrutura social e modelos económicos que perpetúan a marginación da muller", por iso, o grupo feminista galego considera necesario "importantes modificacións" para que esta situación mude.

Por outra parte, a CIG, crítica coa discriminación, desemprego e precariedade laboral que sofre a poboación feminina galega, situación que se "acentúa pola falta de medidas reais que favorezan a conciliación da vida laboral e familiar".

Coincidindo co Día da Muller o sindicato nacionalista, fixo público un informe elaborado polo seu gabinete técnico no que se aborda a situación do mercado laboral relativo ao 2003. Del despréndese o dato de que cada dez parados no país, seis son mulleres...

A muller no paraíso

 SUSANA FERNÁNDEZ RIERA*

Cando paseamos coa nosa mirada polas superficies destinadas ás mensaxes publicitarias, as vallas ou os anuncios nas revistas, somos atrapadas por eses zooms de hiperrealidade que nos mostran as súas promesas de felicidade. Entre eses fragmentos de hiperrealidade ás veces nos deixamos hipnotizar polos que nos auguran momentos de disfrute se somos capaces de alonxarnos do cotiá e adentrarnos en lugares nos que a natureza ten unha

boa dose de hipernatureza: exótica, alegre, amistosa ou cómoda.

A representación do paraíso, ese lugar mítico no que a única actividade é o goce pleno de todos os sentidos pois todas as necesidades están cubertas e ningún perigo nos acecha, onde o lento transcorrer do tempo depara un doce pracer, é utilizada polos publicistas para que visualicemos os nosos desexos de felicidade. Imaxe na que a natureza e a muller se ofrecen como

un todo para atrapar a mirada do consumidor ávido do disfrute dun tempo libre improductivo alleo ás preocupacións xeradas pola obtención do diñeiro. Un paraíso ao que só se accede precisamente con el, froito dun sistema económico no que ao longo dos séculos natu-


* Doctora en Belas Artes e Profesora de Historia da Arte. Universidade de Vigo.



Imaxe na que a natureza e a muller se ofrecen como un todo para atrapar a mirada do consumidor ávido do disfrute dun tempo libre improductivo alleo ás preocupacións xeradas pola obtención do diñeiro. Un paraíso ao que só se accede precisamente con el

reza e muller non foron respectadas, esquilhada unha, a outra ninguneada.

A asociación de muller e natureza é unha relación recorrente na publicidade que ofrece lugares aos que acudir para disfrutar dun tempo de ocio no que o disfrute da natureza é o seu máximo exponente. E non só obedece a que as imaxes nunha porcentaxe moi elevada foron elaboradas por homes que destinan a súa mirada á muller, tamén está en estreita relación co concepto que o home ten da natureza. Natureza é a paisaxe que non foi modificada pola acción humana, é dicir, en estado puro e selvaxe; o recordo do paraíso no que nada está contaminado pola cultura occidental e onde o ser humano está libre de prexuízos. É a idea das terras sen explotar nin roturar, os bosques medievais que deron lugar a lendas sobre o descoñecido, misterioso e á vez atraente, as terras por descubrir que ocultaban tesouros. Na actualidade non existen paraísos a descubrir, non hai estado de natureza selvaxe, pois a acción do home exerceu neles diferentes labores explotándoos ou domesticándoos, tampouco quedan etnias libres sen contaminar



pola cultura occidental. A selvaxe natureza contemporánea é unha *collage* de repoboacións forestais, protexidas reservas naturais, augas canalizadas e aproveitadas, nela a diversión sèrvese á carta para asegurar as hipersensacións de liberdade, aventura ou risco.

A realidade histórica fálanos dun mundo ordenado polo xénero masculino no que a muller é invisible como productora e xeradora de riqueza e a natureza é destinada á sua superexplotación e expoliación. O home considérase alleo a ela e distinto da muller sendo ambas me-

**Na actualidade non existen paraísos a descubrir,
non hai estado de natureza selvaxe, pois a acción
do home exerceu neles diferentes labores
explotándoos ou domesticándoos, tampouco
quedan etnias libres sen contaminar**

tas a conquistar. En beneficio da riqueza material, o diñeiro, taláronse bosques, desviáronse as canles dos ríos, contamináronse as augas, así ao non ser xerador de diñeiro o traballo que aporta a muller á sociedade (o benestar da familia pero tamén tarefas agrícolas ou de servizos, profesións femininas, etc.) hai xa moitos séculos que se converteran en invisible e todas as súas actividades en secundarias. Esta percepción da natureza e da muller deu lugar ás crises ecolóxicas e á desigualdade entre homes e mulleres.

O home é o suxeito activo descubridor e colonizador, a natureza so é apreciada polo beneficio económico que reporta o ser considerada coma un recurso. Asistimos a momentos nos que o acceso da muller aos estudos universitarios feminiza as carreiras e observamos como o es-

umenta a proporción de licenciadas e son máis os abandonos masculinos. Esta feminización da cultura no vai parella coa evolución

por xénero (lectoras de literatura, as mulleres; interese no deporte, os homes).

A idea do paraíso foi constante entre os artistas do entre-séculos do XIX-XX en busca da mirada non contaminada, fuxindo dun progreso que acarreaba tantas inxustizas. A esperanza da existencia do paraíso fixolles ubicalo nos cálidos mares do sur, natureza de cores brillantes poboadas de exóticos animais e doces mulleres obsequiosas e eles proporcionáronos as primeiras visualizacións dese desexo. As imaxes publicitarias continúan asociando muller e natureza para activar rapidamente sensacións de pracer e de liberdade e asómannos a paraísos que nos esperan en descoñecidos lugares remotos ou a poucos quilómetros. A publicidade que actúa como espello de costumes e actividades sociais contemporáneas mostrá-nos este desequilibrio do



**A realidade histórica fálanos dun mundo
ordenado polo xénero masculino no que a muller
é invisible como productora e xeradora
de riqueza e a natureza é destinada á súa
superexplotación e expoliación**

forzo familiar económico, que antes se facía para que os fillos accedesen á formación universitaria, agora vai destinado ás fillas; como

da sociedade que segue desacreditando as actuacións da muller (desigualdade de salario, teito de cristal) e separando os gustos e o ocio

home co seu entorno, atrapado nun sistema económico e social que orixina tanta infelicidade a homes e mulleres. ❹

Algúns indicadores que cómpre coñecer

 RAMONA BARRIO

Cada vez máis, se están empregando indicadores que nos permiten observar diferencias entre distintos países e entre homes e mulleres. Estou-me a referir a algúns dos que empregan as Nacións Unidas desde mediados dos anos noventa. Ten a súa importancia coñece-los, saber como se calculan e polo tanto o que indican.

Nos informes do PNUD (Plano das Nacións Unidas para o Desenvolvemento) aparecen, entre outros o IDH, IDX e IPX.

O IDH (Índice de Desenvolvemento Humano) é un índice composto que mide o promedio do progreso e que está baseado en tres dimensións básicas do desenvol-

vimento humano: unha vida longa e saudabel, coñecimentos e un nivel de vida digno. O cálculo do IDH fai-se a partir dos datos da esperanza de vida, da taxa de alfabetización de adultos e do PIBpc.

Son tres os grupos de países que

se diferencian segundo o IDH, como podemos ver no seguinte cuadro (ate 0,800 son considerados países co desenvolvemento humano alto, de 0,500 a 0,799 medio e con un valor menor países de desenvolvemento humano baixo).

ÍNDICE DE DESENVOLVIMENTO HUMANO (IDH)

	Esp vida	PIB	IDH
D. Humano alto	77,7	23.135	0,908
D. Humano medio	67,0	4.053	0,684
D. Humano baixo	49,4	1.186	0,440

Fonte: PNUD 2.003 (www.undp.org)

Alguns dos datos do informe PNUD 2003, que nos permiten observar as fortes diferencias en canto ás oportunidades de levar unha vida sa e cumprida podemos ve-las no seguinte cadro:

O IDH (Índice de Desenvolvemento de Xénero) é un índice composto que mide a desigualdade entre homes e mulleres nas tres dimensións básicas que compoñen o IDH, axustado para reflectir as de-

O terceiro indicador, que me parece importante coñecer é o IPX (Índice de Potenciación de Xénero). Tráta-se tamén dun índice composto que mide a desigualdade de xénero en tres dimensións básicas de potenciación: participación económica e poder de decisión, participación política e poder de decisión e control sobre os recursos económicos. A análise e interpretación dos datos do IPX serían necesarias para poder deseñar calquer política de xénero. No caso deste indicador podemos chegar-nos máis á nosa realidade e ver por exemplo as diferencias nos datos por comunidades autónomas dentro do estado español, aínda que comprobar a situación das gallegas non nos goste, estamos de primeiras, mais pola cola. ☒

Clasificación IDH	Esp de vida	PIBpc	IDH
1. Noruega	78,7	29.620	0,944
7. Estados Unidos	76,9	34.320	0,937
9. Xapón	81,3	25.130	0,932
17. Francia	78,7	23.990	0,925
19. España	79,1	20.150	0,918
23. Portugal	75,9	18.150	0,896
65. Brasil	67,8	7.360	0,777
91. Túnez	72,5	6.390	0,740
97. Ecuador	70,5	3.280	0,731
111. Sudáfrica	50,9	11.290	0,684
140. Congo	48,5	970	0,502
145. Zimbawe	35,4	2.280	0,496

Fonte: PNUD 2.003 (www.undp.org)

Os outros dous indicadores serven para poder comparar os datos de homes e mulleres nos distintos países.

igualdades entre homes e mulleres. O dado pois indica as posibilidades das mulleres con respecto aos homes do mesmo país. Nos países do cadro anterior temos:

Clasificación segundo o IDH	IDX
1. Noruega	0,941
7. Estados Unidos	0,935
9. Xapón	0,926
17. Francia	0,923
9. España	0,912
23. Portugal	0,892
35. Polonia	0,839
65. Brasil	0,770
91. Túnez	0,727
97. Ecuador	0,716
111. Sudáfrica	0,678
140. Congo	0,496
145. Zimbawe	0,489

Fonte: PNUD 2.003 (www.undp.org)

IPG por Comunidades autónomas	Ano 1999
Baleares	0,6796
Madrid	0,6743
Com Valenciana	0,6519
País Vasco	0,6326
Castilla La Mancha	0,6305
La Rioja	0,6291
Cantabria	0,6210
Canarias	0,6183
Cataluña	0,6257
Navarra	0,6151
Aragón	0,6071
Asturias	0,6058
Castilla León	0,5958
Extremadura	0,5805
Andalucía	0,5702
Murcia	0,5188
Galicia	0,5035

Fonte: VILLOTA, P de.: *Globalización a qué precio*, Icaria-Antrazt, 2001



**Putas si,
con dereitos**

Mulleres inmigrantes e prostitución en Galicia

 LAURA OSÓ CASAS*

«Centenares de prostitutas introducidas ilegalmente en España, escravizadas por mafias de proxenetes [...] Elas son inmigrantes ilegais de África, Latinoamérica e da Europa non comunitaria, explotadas polas mafias da prostitución» (*Interviu*, 4/10/99).

«Dominicanas atrapadas na rede. Atrapadas con enganos polas redes internacionais de trata de brancas, arredor de 50.000 mulleres de orixe dominicana exercen a prostitución fóra do seu país» (*Cambio* 16, 12/8/96).

«Miles de inmigrantes subsaharianas son obrigadas a prostituírse» (*El País*, 11/12/00)

Son algúns exemplos, extraídos de varios xornais e revistas, que tratan a problemática da inmigración e a prostitución e que poñen de manifesto o discurso que domina nos medios de comunicación cando se aborda este tema. Discurso cargado de vocábulos que subliñan o papel pasivo das mulleres inmigrantes como vítimas que son escravizadas, introducidas, obrigadas. Os actores neste escenario son as mafias de prostitución, os pro-

xenetos, as redes internacionais de trata de brancas. Unha imaxe viti-mista da inmigrante, centrada en sacar á luz situacións de abuso e de explotación sexual que, estamos de acordo, deben de ser denunciadas. Non obstante, este discurso constitúe unha arma de dobre fío.

En primeiro lugar, non pon de relevo a complexidade desta realidade social, subliñando case exclusivamente a súa vertente máis sensacionalista e reducindo a figura da traballadora do sexo inmigrante ao papel pasivo de vítima traficada e obrigada. Imaxe que contribúe a reproducir o estereotipo tradicional da muller como suxeito pasivo dos movementos po-boacionais. Esta visión redutora non responde á realidade de moitas mulleres que adoptaron a decisión de migrar, conscientes do emprego que ían desempeñar en España e que non foron enganadas e traficadas por redes e mafias, senón que financiaron a súa viaxe de

maneira autónoma, gracias a recursos económicos propios ou a empréstitos de familiares ou doutros migrantes. Mulleres que son, a miúdo, os principais soportes económicos dos seus fogares e que se constitúen, por tanto, en protagonistas da migración e actrices económicas e de desenvolvemento nos seus países de orixe.

En segundo lugar, este discurso, ao identificar como «maos da película» a proxenetes, redes e mafias da prostitución, tende a invisibilizar a responsabilidade que, na explotación e nas duras condicións de traballo e de vida das traballadoras do sexo inmigrantes, teñen outros actores sociais, tales como administradores, políticos, donos de negocios, policía, comerciantes, avogados... en efecto, a res-

* Profesora Titular de Universidade. Facultade de Socioloxía –Universidade da Coruña.

ponsabilidade hai que busca igualmente nunha política migratoria restritiva, que fomentou durante anos a irregularidade das inmigrantes en España, así como nun marco xurídico de carácter abolicionista que, aínda que non contempla a prostitución como un delito, rexeita dotala dun estatus legal e promove a abolición de toda regulamentación da mesma. Así mesmo, non está exenta de culpa a opinión pública española, que baixo unha sombra moralizadora, estigmatiza e castiga socialmente a prostituta e non ao usuario dos seus servizos sexuais.

Sobra dicir que a inmigración cara a España de mulleres para traballar na prostitución respoosta á demanda de clientes ávidos da cor e da calor latinoamericana, africana e eslava. E é precisamente a non-regulación dos fluxos migratorios que teñen como destino cubrir esta demanda, o que xera a proliferación de individuos que se benefician economicamente do éxodo, en condicións de irregularidade, de terceiras persoas. É coñecido que unha política restritiva de inmigración tende a xerar unha bolsa de irregulares e a fomentar as entradas clandestinas e o tráfico de inmigrantes, con independencia do emprego que estes vaian desempeñar no país de destino. A situación agrávase se, ademais, as protagonistas da viaxe se empregan nunha actividade que non é recoñecida legalmente. Neste caso, as cadeas da irregularidade teñen uns elos máis pesados e son máis difíciles de romper.¹

A primeira idea que queremos argumentar é que, ao lado da imaxe que tende a relacionar a inmigración con fins de prostitución a súa versión máis dura (tráfico a través de grandes redes e mafias) o noso traballo de campo en Galicia puido constatar a existencia, por un lado, dun tráfico de inmigran-

tes a pequena escala, sustentado por individuos particulares ou donos de pequenos clubs de alterne e, por outro lado, dunha migración de mulleres apoiada fundamentalmente nas redes migratorias. Estas mulleres, dunha maneira máis autónoma, emigran a España e empréganse en clubs ou pisos de contactos, traballando máis independentemente e non relacionadas con grandes organizacións ilegais de tráfico e prostitución.

Hai que indicar que os visitantes colombianos e ecuatorianos no momento de realizar a nosa investigación non requerían de visado para viaxar a España, polo que a maioría das nosas informantes entraron como turistas, polo período de tres meses, pasando posteriormente a engrosar as filas da irregularidade.

Do conxunto das mulleres inmigrantes entrevistadas só dúas chegaron a España enganadas, sen coñecer o traballo que ían desempeñar. Arredor da metade emigraron de maneira independente, gracias aos cartos que dispoñían no seu propio país; gracias a un crédito bancario; a hipoteca de propiedades; recorrendo a prestamistas privados ou con préstamos de familiares ou amizades xa emigradas.

O feito de emigrar de maneira autónoma e non ter a presión do pago da débeda conleva unhas me-

¹ A análise que presentamos baséase nos datos cualitativos obtidos coa realización dun total de 45 entrevistas en profundidade: 34 mulleres que traballaron ou están traballando en clubs ou pisos de contacto en Galicia (27 colombianas, 3 ecuatorianas, 2 dominicanas, 2 españolas) e 11 a persoas en contacto directo coa realidade estudiada (clientes, médicos, e responsábeis de ONG's). As entrevistas foron realizadas pola autora, no marco dun estudio sociolóxico sobre *Mulleres inmigrantes na irregularidade*, financiado polo Instituto da Muller e dirixido por Antonio Izquierdo.

llores condicións de traballo e de vida. Neste caso, as mulleres soen empregarse de maneira independente, respondendo o traballo no mundo da prostitución a unha opción ou estratexia persoal, fóra do engano, coacción ou presión por parte de terceiras persoas. A ausencia de dependencia monetaria e, polo tanto, persoal, posibilita as mulleres elixir onde e cando van ofrecer os seus servizos. Así, as traballadoras autónomas soen rotar de negocio en función principalmente da demanda e a situación de emprego, o risco de redadas policiais e as condicións de traballo (trato por parte dos donos de negocios, condicións da vivenda, calidade da comida).

As mulleres inmigrantes independentes tamén elixen se queren ou non atender a un cliente ou descansar cando o cren necesario. Traballan igualmente en mellores condicións sanitarias. Así, poden permitirse non aceptar aqueles clientes que desexan os seus servizos (sen condón). A utilización de preservativo é unha práctica moi extendida entre as mulleres inmigrantes latinoamericanas en Galicia; anque son moitos os homes que demandan «sexo con risco». Resistir ás súas apetitosas ofertas monetarias é máis fácil sen a presión económica da débeda.

A autonomía posibilita, da mesma maneira, optar por outro tipo de emprego, máis alá do club de estrada, como é o traballo en pisos de contacto, onde as condicións laborais son máis favorábeis. Os pisos de contacto ou «tapadillos» son apartamentos discretos nos que varias mulleres ofrecen os seus servizos que son anunciados na prensa. Nun piso a clientela é máis tranquila, sóese traballar de día, non hai que «trasnoitar», tomar bebidas alcohólicas, nin seducir e conquistar os clientes na barra. Isto último, o rito de «flirteo», é percibido

negativamente por moitas mulleres, como unha práctica de submisión e humillación e un dos principais inconvenientes do traballo nun club de alterne. Ademais as mulleres inmigrantes autónomas soen posuír un espazo residencial propio, de maneira que a relación co traballo adquire unha connotación máis contractual: as mulleres desprázanse ao club ou ao piso, cumpren un horario, mais regresan posteriormente á súa residencia persoal.

Eu son de clase media-alta en Colombia e non me facía a idea de traballar nunha casa de familia. Unha moza tiña un contacto para traballar nisto. Cheguei a Madrid, a miña irmá deume os cartos da viaxe e a bolsa.² Chegou a moza coa que tiña o contacto e fumos a Pontevedra. A min ninguén me trouxo nin me enganou e nunca tiven malas experiencias de que me pegasen, nin nada. Eu cóidome, teño un seguro privado e a Seguridade Social. A miña vida no traballo foi moi tranquila, nos pisos. Hai mozas que precisan moitos cartos, que teñen que cancelar unha débeda. Eu tomei a decisión libremente, cóidome moito, metinme nisto libremente, non vivo orgullosa do que fago, mais fágoo como un traballo. É unha forma máis rápida de gañar diñeiro.

(Muller colombiana traballadora nun piso de contactos)

A outra metade das nosas informantes chegaron a España tras contraer unha débeda, pero baixo a modalidade dun tráfico máis a pequena escala, que non implica a grandes redes ou mafias, senón que está sustentado fundamentalmente pola propia dinámica migratoria: é dicir, polas redes sociais tecidas entre os migrantes. En Galicia está moi extendida a práctica segundo a cal as inmigrantes colombianas xa asentadas, algunhas delas casadas con españois, que dispoñen dunha certa estabilidade xurídica e económica, invirten na viaxe de terceiras persoas (amizades, familiares, coñecidos en Colom-

bia), facilitándolles o diñeiro necesario para o billete de avión e a bolsa de viaxe, así como a carta de invitación e os contactos para traballar en España.

O importe da débeda varía en función da ambición económica da «persoa que trae». Así entre as nosas entrevistadas atopamos mulleres ás que amizades ou familiares lles prestaran o importe do billete sen intereses, mentras que a outras lles cobraron unha débeda que oscilaba de 350.000 a un millón e medio de pesetas. O «engano» no caso deste tipo de tráfico de inmigrantes consiste non tanto no emprego a realizar, senón máis ben no importe da débeda, que en moitas ocasións é moi superior ao importe real da viaxe.

En Colombia a unha propoñenlle traballar, as mesmas compañeiras, as que viñeron, están traballando ou traballaron. Unha amiga dille hai que traballar nisto, préstolle a pasaxe. A maioría están casadas. Recíbente, préstanche os cartos para a pasaxe e o diñeiro por se cho piden en migración. Dinlle a unha ónde está o club. A min non me cobraron. Hai moitas que contan que lles cobran, pero non os donos dos clubs, senón as amigas.

(Muller que migrou para traballar nun club)

Algunhas das mulleres entrevistadas, con débeda, teñen unha relación máis libre e menos dependente respecto aos seus prestamistas; se ben, puidemos constatar situacións de forte abuso e explotación no marco destas pequenas redes de tráfico. Son varias as entrevistadas que optaron por non cumprir co total dos pagos.

Estaba nunha cafetería en Colombia e achegouseme un rapaz que era irmán da señora que me trouxo, díxome: gustaríache viaxar a España? Eu fágooche os movementos, prestá-

² A bolsa é a suma monetaria que requiren as autoridades españolas e que debe ser mostrada na fronteira para poder entrar como turista.

mosche os cartos, douche o ticket e despois pagas. Pagáronme alá o pasaporte, mandáronme o ticket, organizáronme a saída do país. Dixéronme alá que tiña que pagar 500.000 ptas. Mais ao chegar a Vigo eran 800.000. A señora levoume primeiro a un club, viviamos con ela, tódolos días dicíame: canto fixeches hoxe? Tiña que pagarlle 20.000 ptas. diarias. Despois levoume a un piso, logo para outro club, e para outro. Eu escapeime, xa lle pagara 500.000 ptas. E agora estou ao meu aire.

(Muller colombiana actualmente traballando nun piso de contactos)

A situación pode agravarse cando o tráfico implica directamente a donos de clubs ou a unha rede máis extensa de prostitución, sendo este o caso vivido por tres das nosas informantes. E é que, para algunhas das nosas entrevistadas, con débeda, a súa migración si se achega ao perfil do tráfico que reflicten tradicionalmente os medios de comunicación, onde as mulleres son trasladadas dun club a outro, encerradas, vendidas ao mellor postor e privadas da súa liberdade máis básica.

Eu traballaba en Colombia nisto. A rapaza alá díxome que viña cunha débeda de un millón de pesetas, que acá me deixaban cartos para mandar a Colombia e para roupa, pero despois nunca me prestaron nin para mandar, nin para roupa, nin para nada. Cheguei a Pontevedra a un club, despois nos mandaron a outro club en Lugo. Había rapazas con débeda, vixilá-bannos para todo, non nos deixaban saír, encerrá-bannos. Ás veces tratan as mozas ben e ás veces mal. Logo mandáronme facer unha praza,³ estiven en Oviedo e en Lérica. Despois vendéronme a un club en Ourense por 700.000 ptas.

(Muller colombiana emigrada para traballar nun club)

³ A praza consiste nunha estadía de 21 días nun club ou piso de contacto, onde a muller reside permanentemente e traballa de maneira acelerada e sen descanso. Esta modalidade de emprego é dura pero posibilita importantes beneficios económicos (algunhas mulleres poden chegar a gañar un millón de pesetas nunha praza).

A idea que pretendemos reflectir é cómo a cadea da irregularidade, que pesa sobre as traballadoras do sexo inmigrantes, é retroalimentada por distintos elos, que implican non só a proxenetas, redes de tráfico e mafias, senón a un conxunto complexo de actores sociais.

As condicións de traballo e de vida para as traballadoras do sexo endebedadas son moito máis duras que para as inmigrantes autónomas. Polo xeral, soen residir nos clubs ou en casa dos seus prestamistas, o que supón un forte control sobre as súas vidas cotiás. A falta de autonomía, o illamento social, a inexistencia dun espazo propio, son algúns dos sentimentos resentidos.

As mulleres que son «traídas» directamente polos donos dos clubs poden ser aínda máis controladas, na medida en que a estes lles interesa conservar as súas traballadoras, polo menos ata que paguen a débeda adquirida. O ritmo de traballo durante o período no que as mulleres se atopan pagando a débeda é moi acelerado, máis clientes por xornada, poucos ou ningún día de descanso. A necesidade económica obriga algunhas mulleres a traballar durante os días da menstruación (soen para iso introducirse unha esponxa na vaxina) e aceptar, en ocasións, clientes que ofertan boas cantidades de cartos por «un polvo sen goma».

A vida cotiá soe reducirse ao traballo: as empregadas en clubs érguense a medio día, comen e prepáranse para iniciar a xornada, que comenza ás seis da tarde e remata ás tres ou catro da madrugada. Nalgunhas ocasións, os cuartos on-

de residen as mulleres nos clubs non están ben acondicionados, algunhas teñen que durmir na mesma habitación de traballo e as comidas, o mesmo que algúns clientes, «non son sempre prato de gusto». Unha vez cancelada a débeda as nosas entrevistadas recobraron, polo xeral, a súa liberdade e incorporáronse ao batallón de inmigrantes autónomas que circulan nos autobuses públicos, rotando de club en club, polas estradas de Galicia e outros territorios de España.

As condicións de traballo e de vida melloran considerabelmente co pago da débeda, ao pórse en marcha algunhas estratexias de mobilidade social e laboral: traballo en pisos de contacto, aluguer dunha residencia propia... aínda así, a necesidade e o desexo de acumulación monetaria leva a moitas traballadoras do sexo autónomas a manter un forte ritmo de traballo, sobre todo cando viaxan a realizar «unha praza».

Unha vez perfilados algúns trazos distintivos da realidade social das mulleres inmigrantes traballadora do sexo en España, pasamos a transmitir a segunda reflexión, coa cal concluímos este artigo. A idea que pretendemos reflectir é cómo a cadea da irregularidade, que pesa sobre as traballadoras do sexo inmigrantes, é retroalimenta-

da por distintos elos, que implican non só a proxenetas, redes de tráfico e mafias, senón a un conxunto complexo de actores sociais.

Como xa anunciabamos ao principio do escrito o primeiro elo desta cadea constitúeo a política migratoria española, xeradora dunha bolsa de irregulares, así como a lexislación en materia de prostitución, que non condeá esta actividade, mais tampouco permite o seu recoñecemento legal e a súa regulamentación. Este é, en realidade o principal muro co que se atopan as mulleres inmigrantes traballadoras do sexo en España e a base sobre a cal se asenta o xermolo da súa explotación e duras condicións de traballo e de vida. A irregularidade, como cidadás e traballadoras, determina que estas mulleres máis dificilmente poidan traballar soas e detentar negocios propios.

A falta de protección legal fai que as nosas protagonistas teñan que recorrer a ser arroupadas por donos de clubs ou pisos de contacto, que gañan grandes beneficios gracias ao seu traballo. En efecto, nun club, aproximadamente o 20% de cada servizo soe ser para a casa, así como o 50% das copas que os clientes pagan ás mulleres. Así mesmo, en moitos negocios cobran ás traballadoras unha cota diaria por aloxamento e comida, o que

NADA NOS INTERESA
MÁIS QUE O GALEGO.
NINGUÉN NOS INTERESA
MÁIS CA TI

A S Ó C I A - T E

A MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
Campo do Cruceiro do Gaio, 7 - 1º - 15705 Santiago de Compostela - Telf 981 56 38 85 / www.amesanl.org

Nome: _____
Apelidos: _____
Enderezo _____
C.P: _____ Localidade: _____
Telf _____
Cuota anual: | 30,05 euros.
| 12,02 euros. Estudiantes e parados

Caixa/Banco Sucursal DC
c/c lo libreta de aforro
Nome da entidade: _____
Enderezo: _____

supón unha mensualidade para os donos, que reciben unha importante cantidade de cartos gracias a esta modalidade de pensión. Ademais, son numerosos os clubs que establecen un sistema de multas: cando a traballadora se retrasa en saír da habitación máis alá do tempo pagado polo cliente; se sae con clientes fóra da casa, chega tarde ao traballo...

Os donos dos clubs instalan, en ocasións, un teléfono público, para que as inmigrantes chamen aos seus países de orixe, ao que algunhas das nosas informantes chaman «teléfono macarra», pola cantidade e rapidez coa que traga as moedas. Ademais, as redadas policiais están especialmente presentes nos clubs de alterne, afectando principalmente á detención de mulleres inmigrantes, sendo o principal factor de inseguridade nas súas vidas. O temor á policía ten como consecuencia un maior illamento nos lugares de traballo. As mulleres inmigrantes non se atreven a traspasar os muros do club, o que as fai aínda máis vulnerábeis. Así, algúns inmigrantes se benefician desta situación de illamento e fan negocio mediante a venda, a prezos elevados, de produtos nos clubs.

En efecto, en Galicia algúns inmigrantes varóns recorren os clubs de estrada, ofecendo roupa, xoias, perfumes, cosméticos ás traballadoras do sexo. Outras mulleres inmigrantes tamén montaron o seu propio negocio a través deste comercio informal, vendendo comida colombiana en clubs de alterne. Do mesmo xeito, algúns avogados sacan bon proveito da situación de irregularidade das inmigrantes que se empregan na prostitución, cobrándolles grandes cantidades de diñeiro por «arranxar papeis». Algúns homes españois beneficianse igualmente chegando a gañar ata medio millón de pesetas por un «matrimonio branco».

Así, os elos da irregularidade se reproducen polos intereses encaixados de distintos actores sociais. Mais é precisamente a diversidade de situacións encontradas o que indica que unha acción orientada a rachar o círculo da irregularidade, e non as redadas policiais, é precisamente a mellor vía para acabar coas duras condicións de traballo e de vida dalgúns traballadoras do sexo inmigrantes en España. [6]

Bibliografía

- Oso, L. (2000): «Estrategias migratorias de las mujeres ecuatorianas y colombianas en situación irregular: servicio doméstico y prostitución en Galicia y Pamplona», ponencia presentada ao *II Congreso sobre a inmigración en España*, Madrid, Universidad Pontificia de Comillas.
- (2001): «Estrategias migratorias y de movilidad social de las mujeres ecuatorianas y colombianas en situación irregular: servicio doméstico y prostitución», IZQUIERDO, A. (dir.): *Mujeres inmigrantes en la irregularidad. Pobreza, marginación laboral y prostitución*, Madrid, Instituto de la Mujer, informe inédito de investigación.
- (2002a): «Colombian women, sex work and health in Galicia, Spain», in *Research for Sex Work* (5, june), pp. 10-12.
- (2002b): «The New Migratory Space in Southern Europe: the case of colombian sex workers in Spain», MOROKVASIC-MÜLLER, M., U. EREL, and D. SHINOZAKI (eds.): *Crossing Borders and Shifting Boundaries*, Vol. I.: *On the Move*, Leske+budrich.
- (2002c): *Domestiques, concierges et prostituées: Migration et mobilité sociale des femmes immigrées, espagnoles à Paris, équatoriennes et colombiennes en Espagne*, thèse de doctorat, Université de Paris I – Panthéon Sorbonne.

Ditame sobre A Prostitución Feminina en Galicia emitido pola Comisión non Permanente para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres

 NANINA SANTOS C.

Ditame sobre A Prostitución Feminina en Galicia emitido pola Comisión non Permanente para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres en sesión celebrada o 29 de abril de 2004, publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, núm. 577. VI lexislatura 1 de xuño, 2004.

No Ditame da IV lexislatura¹ incluíase unha referencia á necesidade e interese de abordar a cuestión como se nos lembra no capítulo de Antecedentes (páxs. 4-5).

Ao longo do 2003 tiveron lugar varias sesións informativas con comparecencias de diversas persoas expertas na materia procedentes de diversos ámbitos de actuación profesional: servizos sociais municipais, organizacións sindicais, a Administración autonómica, organizacións non gubernamentais e outros...

Finalizadas as comparecencias o obxectivo da Comisión foi a elaboración dun Ditame resultado dun consenso entre os tres grupos parlamentarios.

A publicación estrutúrase, a partir dos Antecedentes nos seguintes capítulos:

II. O marco legal (páxs. 6-16) onde se abordan os sistemas xurídicos, os aspectos penais da prostitución en España; a consideración da Normativa Internacional e recomendacións Europeas e por último a Situación en Galicia.

III. Comparecencias e Resumo das Intervencións (páxs. 17 a 30) que se celebran nesta VI lexislatura nos meses de febreiro a setembro de 2003:

Aurora Montes Santa-Olalla (Directora Xeral do Servizo Galego de Igualdade);

José Ramón Vázquez Sande (Valedor do Pobo);

Amelia Belmonte (Traballadora social do Concello de Ourense);

Ana Cancedo (Directora do Centro da Muller do Concello de A Coruña);

Maria Xosé Castro (Traballado-

ra Social do Centro de Atención á Muller do Concello de Lugo); Rosa Campos Briones (Psicóloga do Centro de Información e Asesoramento da Muller do Concello de Pontevedra); Esther Álvarez Hermida (Aseora xurídica de Servizos Sociais e Muller do Concello de Santiago); Laura Oso Casas (Profesora da Facultade de Socioloxía, Universidade de A Coruña); Francisco Javier Gudiña Pérez (Inspector Xefe do Grupo Operativo de Estranxeiría da Coruña); Manuel López Vázquez (Inspector Xefe da Brigada Local de Estranxeiría e Documentación de Vigo);

¹ Ditame da Comisión non Permanente para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres. *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, núm. 797 de 7.08.2001 do que pode verse un comentario en *Andaina*, núm. 30, páxs 30-33.

José M.^a Lameiro (Inspector Xefe da Policía Autonómica);
Natividad Marcotegui e María del Carmen Alonso (Coordinadora e avogada respectivamente do Centro Vagalume);
Pilar Farinós e Mariola Fernández (Presidenta e psicóloga respectivamente da Asociación Liberadora de Marxinados pola Prostitución, ALAMP);
Ana Míguez (Presidenta de Alecrín);
Esperanza López Silvosa (Secretaria Nacional da Secretaría da Muller da CIG);
María Luisa Rodríguez Vázquez (Representante da UXT);
M.^a Teresa Pardo Pérez (Representante de CC. OO.).

O anterior Ditame estaba editado en dous fascículos. O primeiro de 77 páxinas e un segundo de Anexos que ocupaba 100 páxinas, contrasta coa parquedade das 50 páxinas de agora á que veñen sumarse os votos particulares do BNG e do PSOE.

Do Valedor do Pobo no que se fai constar que son Reflexións e «ten un matiz máis ben informativo que de posicionamento claro respecto desta materia». E este é exactamente un dos problemas do traballo desta Comisión, segundo se pode apreciar nos resumos das comparecencias e de xeito máis contundente nas Conclusións e nas Propostas de Actuacións. D. José Vázquez Sande reflexiona sobre as dificultades do problema e como resolver cuestións como a Seguridade Social, Dereitos laborais, etc.

Ana Cancedo do Concello de A Coruña, que sinala a necesidade de «Non tratar o fenómeno da prostitución como algo tabú. Eliminar o estigma social, regularizar a residencia (no caso de inmigrantes) e fundamentalmente: Contar coa opinión das propias mulleres, coñecendo directamente por elas as

súas necesidades e o que esperan da administración».

Amelia Belmonte Espada, do Concello de Ourense, orientase do mesmo xeito propoñendo defender os dereitos das mulleres prostituídas como eixo das intervencións, de maneira que todas deben ir dirixidas a:

Unha mellora das súas condicións de traballo

Unha redución dos riscos e da violencia á que poden estar expostas.

Unha eliminación do estigma que as rodea.

Esther Álvarez apunta «As condicións de clandestinidade e privacidade nas que se desenvolve a prostitución facilitan nalgúnhas ocasións a comisión doutros actos violentos cara á muller prostituída por parte, xeralmente, dos clientes. Tendo en conta a regulación dos delitos de agresión e de abuso sexual no noso Código Penal (artigos 178 a 183), a conduta do cliente podería estar incluída nalgún destes tipos, non en calidade de cliente dos servizos sexuais, senón como autor da suposta agresión».

Apunta tamén elementos críticos respecto da Lei de Estranxeiría respecto das persoas irregulares non vítimas nin testemuñas.

Laura Oso propón a realización de estudos permanentes. Ter en conta a voz das persoas implicadas nesta realidade social, as súas propostas e os seus desexos, sobre todo calquera proposta ou iniciativa política. «Promover que as persoas que se dediquen á prostitución poidan facelo da maneira máis autónoma posible; polo tanto non se debe prohibir a prostitución de rúa ou de estrada porque confire máis autonomía ás mulleres».

Francisco Javier Gudiña, Manuel López e José María Lameiro abordan a cuestión basicamente do punto de vista das mulleres, vítimas das redes de inmigración. Manuel López apunta que se trata

«dunha situación agravada porque as mulleres nunca declaran estar contra a súa vontade, non presentan denuncia».

A problemática da prostitución vén provocada pola propia estrutura social, apuntan as dúas comparecentes de Vagalume (Natividad e María del Carmen) a gran inxustiza social na que a situación das inmigrantes é especialmente difícil pois a situación de ilegalidade agrava. Entre outras propostas insisten na regularización das mulleres inmigrantes.

De Pilar e Mariola, representantes de ALAMP, resúmese a súa comparecencia en catro propostas tan escuetas como interesantes: «Escoitar as propias mulleres, evitar a hipocresía social de culpabilizar sempre as mulleres e incidir na educación non sexista».

Ana Míguez de Alecrín centra a súa intervención no ámbito penalizador e abolicionista onde as mulleres son vítimas e a prostitución é sinónimo de violencia contra a muller e unha grave violación dos dereitos das mulleres.

Esperanza López Silvosa, presidenta do Consello da avogacía galega propón a legalización con algunhas condicións entre as que se ha garantir o exercicio libre, con todas as prestacións que inclúe a consideración de profesión así como o castigo ás mafias e acabar coa dobre moral existente, unha para mulleres e outra para homes mesmo dentro da prostitución.

Elvira Patiño, María Luisa Rodríguez e Teresa Pérez anotan que está aberto o debate nos seus sindicatos.

Elvira Patiño móvese en dous planos: Un, o recoñecemento de prestacións sociais, como calquera outro traballo (desemprego, baixa por enfermidade, xubilación...) o que implica necesariamente algun tipo de regularización e/ou recoñecemento, ao tempo que parece

querer deixalas sen traballo ao propor «desenmascarar os verdadeiros culpables, non basta con penalizar a clientes e proxenetas de pouca monta».

María Luisa identifica prostitución con tráfico de mulleres e menores para a explotación sexual, aínda que propón, tamén, regulamentación da prostitución como relación laboral. Faise curioso o apunte de «Persecución da explotación do ser humano en todas as súas vertentes: a prostitución é unha delas» pero non inclúe ningunha outra, como por exemplo fábricas de téxtil, conservas, traballo doméstico, comercio, etc. tan marcadas pola presenza feminina.

Teresa Pérez, apunta medidas diferentes. Aposta por algunha das posibilidades de legalización (asalariadas, autónomas ou constitución de cooperativas) e explicita o NON á penalización do proxeneta.

No capítulo IV, de **Conclusión** (páxs. 31-43), dáse, na miña opinión un SALTO. Mantense «obxectividade» mentres se define qué é prostitución; actividade profesional versus forma de escravitude / explotación (páxs. 31-34).

Cando se comeza a escribir dos «Aspectos asociados á prostitución» (cadro páx. 35) todas as pantasma da prostitución asoman de xeito nítido sen que aparecen de modo tal nos resumos das comparecencias. Igualmente acontece ao escribir sobre *Quen se beneficia realmente da prostitución?* Ou a asociación cando non identificación que se fai de aquí en adiante de Prostitución/Explotación sexual/Tráfico de mulleres/Escravitude/Redes e Mafias.

Tamén hai un salto cando quen conclúe fala do difícil que resulta actuar contra os locais de alterne porque... Son Ilegais? E, se son ilegais, por que teñen licencia de apertura? Como hai sentencias xudiciais

que obrigan a donos de locais de alterne a dar de alta na Seguridade Social as súas traballadoras?

Salta por riba do lexislador esta comisión e escribe sobre os factores que obstaculizan o seu peche? Por que o peche? Ao abeiro de que leis, artigos ou regulamentos?

O último apartado deste capítulo achega á persoa lectora ao debate de «Legalización SI / Legalización NON», nun cadro esquemático.

Simplistas, finalmente, as referencias ás experiencias de Holanda, Suecia e Catalunya, que se despachan nunhas poucas liñas, o que parece impropio do traballo dunha Comisión Parlamentaria. Esas experiencias son complexas e teñen interese (existen moitos traballos e informes escritos sobre elas) para liquidalas con máis ideoloxía que información nas escasas vintecinco liñas para tres experiencias diferentes e con tempo de aplicación distinto.

Finalmente o V e último capítulo: **Propostas de Actuación** (páxs. 44 a 50) colócase, xa, nun punto de vista de identificar sen fisuras prostitución = violencia contra as mulleres = tráfico = explotación sexual. Así as propostas de actuación están en consonancia con isto.


Pero, resulta chamativo observar como agora se escribe: «Existe unha idea xeneralizada entre as persoas comparecentes relativa á consideración da prostitución como explotación sexual, como unha escravitude» (páx. 45) que non concorda nin sequera coa maioría das persoas comparecentes tal e como se transcriben neste documento o resumo das comparecencias.

As propostas, polo tanto non fan distincións entre prostitución forzada e prostitución voluntaria (cuestión en absoluto menor). Asegurar que todas as mulleres que exercen a prostitución son vítimas (e carecen,

polo tanto, de calquera capacidade de decisión propia e de autonomía) e precisan, polo mesmo, ser redimidas, liberadas, des-alienadas.

Unha comisión parlamentaria que chama a comparecer a persoas expertas e que á hora de propoñer actuacións IGNORA DELIBERADAMENTE as súas aportacións e mesmo as falsea como se non se tivesen pronunciado, produce repudio intelectual e político. Porque nas conclusións e nas propostas de actuación non se di, non se menta o interese de escoitar a voz directa das mulleres que traballan na prostitución. Lexislar ou actuar «para elas» sen oír en absoluto o que elas teñan que dicir, tal e como propuxeron nas súas comparecencias Ana Cancedo, María Xosé Castro, Esther Álvarez, Laura Oso, Pilar Farinós e Mariola Fernández, é escandaloso.

Neste senso é de agradecer o voto particular do BNG asinado por Ana Belén Pontón, Salomé Álvarez e Xosé Manuel Beiras que, aínda usando esa expresión de tráfico de mulleres e nenas –que segundo insisten reputadas especialistas só contribúen a infantilizar ás mulleres adultas, as que deciden de si mesmas e por si mesmas–, propoñen dialogar cos sectores afectados, estudar as medidas e reformas para adaptar legal e profesionalmente as persoas que se adican á prostitución accedendo a dereitos e coberturas sociais e reconsiderar a situación das inmigrantes sen papéis que exercen a prostitución para que regularicen a súa situación.

O voto particular das deputadas do PSOE, Margarita Pérez e Natividad González pedindo o castigo da compra dos servizos sexuais, prohibición de locais públicos para a compra destes servizos e a publicidade de compra/venda de servizos sexuais, lémbra-nos as mellores liñas represivas do franquismo ou do «feminismo sueco». 

Polos dereitos das prostitutas*

Na actualidade, no Estado Español, a prostitución móvese nunha situación de alegalidade: o seu exercicio non constitúe un delito, mais as persoas que o exercen carecen de dereitos recoñecidos.

En marzo do 2002 o Senado constituíu unha *Comisión especial de estudio da prostitución*. Os traballos que emprendeu foron paralizados antes das últimas eleccións xerais sen chegar a ningunha conclusión.

O *Plano contra a escravitude sexual* que puxo en marcha recentemente o Concello de Madrid empeorou considerabelmente a situación do sector de prostitutas máis vulnerábel (as que captan a clientela nas rúas da cidade), negándolles dereitos humanos tan elementais como o respecto á súa dignidade ou o dereito á libre circulación.

Preocupadas ante esta situación, as persoas abaixo asinantes queremos manifestar ante a cidadanía e os poderes públicos o seguinte:

► Os dereitos humanos das prostitutas, especialmente o dereito a

emigrar, á liberdade de movementos e a establecer os seus propios negocios non están sendo recoñecidos na actualidade. Cremos que é urxente, non só que se recoñezan, senón que se poñan os medios necesarios para que se garantan.

► Que se recoñeza, como formula unha sentenza dictada en 2001 polo Tribunal de Xustiza de Luxemburgo, que a prostitución é unha actividade económica lexítima.

► Que se recoñeza e respecte a dignidade das prostitutas e a súa capacidade de decidir, sen coaccións, a qué queren adicarse e cómo queren establecer acordos comerciais. Consecuentemente, rexeitamos a «frustigación» aos clientes que está levando a cabo a Policía Municipal en Madrid, como parte do citado Plano contra a escravitude sexual, xa que esta medida non só non reduce a demanda, senón que favorece os tratos rápidos e clandestinos co conseguinte empeoramento das condicións de vida das prostitutas.

► Que se negocien, tendo en conta a voz das propias prostitutas, espazos públicos onde poidan exercer libremente a prostitución, en boas condicións de hixiene, seguridade e tranquilidade. A rúa, como paradigma de espazo público, é de todos e non de alguén en particular. Polo tanto o seu uso, se xera conflitos, debe ser consensuado.

► Que se persiga de maneira fidedigna ás mafias que obrigan e forzan a mulleres a prostituírse e as explotan en réxime de escravitude. Que se acabe xa coa hipocrisía das pomposas declaracións públicas de rexeitamento e anatema destas prácticas inhumanas, internacionalmente organizadas e que se poñan os medios, que os hai, para acabar con elas, por riba de todo tipo de intereses creados. ☞

Madrid, maio de 2004


* Carta para a recollida de sinaturas en solidariedade coas prostitutas.

Ordenanzas sobre a prostitución

En 1161 Enrique de Plantagenet II promulgou sesenta e catro Ordenanzas encamiñadas a regulamentar o oficio de prostituta nos bordeis de Southwark. Este documento clave tamén foi asinado polo arcebispo de Canterbury. Con esta sinatura comenzan case catrocentos anos de prostitución promovida pola Igrexa e a Corte, levada a cabo no mesmo lugar no que estiveran os bordeis romanos, media milla ao oeste da ponte de Londres.

Destas Ordenanzas destacamos:

- ▶ Ningún encargado de bordel nin a súa muller impedirán que ningunha muller incluída na lista vaia e veña ao seu antoxo a calquera hora do día.
- ▶ Ningún encargado de bordel reterá a ningunha muller senón que ela poderá marcharse da casa se o desexa.
- ▶ Non se cobrarán máis de catorce peniques á semana pola habitación dunha muller.
- ▶ Ningún encargado de bordel recibirá a ningunha muller de condición relixiosa nin casada.
- ▶ Ningún encargado de bordel manterá a mulleres coa perigosa doenza ardente, nin venderá pan, cervexa, carne, peixe, madeira, carbón ou calquera vitualla.

Tirado de MURPHY, Emmett: *Historia de los grandes burdeles del mundo*, Madrid, Temas de hoy, 1989. 

A prostitución a debate

5 N.S.C.

O 28, 29 e 30 de maio de 2004 HETAIRA (Colectivo en defensa dos dereitos das prostitutas) organizou as Xornadas: *A prostitución a debate* que se celebraron no Ateneo cultural 1º de Maio de Comisiones Obreiras de Madrid.

Era moi apetecible o programa a vulgar por todas e cada unha das mesas e das persoas participantes, onde, a diferenza da maioría de ocasións que se trata o tema prostitución, as traballadoras do sexo tiñan unha presenza moi sinalada.

Unha das mesas, *As protagonistas se organizan. Falan as traballadoras*

do sexo, era do maior do interese, pois elas realmente tomaron a palabra e resultaba moi diferente o seu discurso, as súas preocupacións, as súas demandas e como ven e viven algunhas delas o seu traballo, dos tópicos máis manoseados: que se o oficio máis vello do mundo, escravitude sexual, alienación e incapacidade de tomar decisións propias, malas mulleres, vítimas...

Alí mulleres con moita enerxía e decisión espuxeron os seus puntos de vista. Margarita Carreras, chea de raiba fíxonos saber que ela é Margarita Carreras e non prosti-

tuta. Traballa de prostituta, porén non é prostituta, matiz sabio do que podemos tomar nota. Para ese e para outros traballos. Encasillar na etiqueta laboral como identidade máxima non deixa de ser unha redución increíble, e nada digamos cando o traballo que se realiza está estigmatizado e submetido a clandestinidade! Lembrou cando limpaba vómitos nun barco (900 por travesía): Un directo á hipocresía social que prefire ver ás mulleres realizando traballos dos que todo o mundo quereríamos fuxir se púdesemos e pesivamente pa-


gados, pero logo só parece preocupar cando deciden ir ao traballo sexual, porque nel non se realizan!

Margarita, M.^a José, Carolina, Nancy e Heidi foron aire fresco desde as súas propias vidas.

Boas e Malas mulleres: O estigma da prostitución; Inmigración e prostitución, ou a *Situación no noso país* foron outras tantas mesas de exposición e debate que discorreron cun público nutrido desde o venres pola serán até as dez da noite do sábado. Da mesa *Outros países, outras experiencias* resultounos revelador o relatorio de Pye Jakobson (traballadora do sexo e coordinadora da organización sueca ROSEA). Coñece ben a realidade do seu país e desvelou que ese paraíso que se predica como feminista gracias á aprobación da lei sueca do ano 1999 de penalizar os clientes¹ (e que aquí propoñen algunhas persoas imitadoras daquela experiencia foránea) é o paraíso da represión sexual (un dos países con máis severas restriccións sexuais e outros dereitos e liberdades individuais) e lugar privilexiado da hipocresía. Pye Jakobson comprometeuse a escribir de vagar sobre

estas cuestións para a nosa revista *Andaina*.

O domingo, logo da festa do sábado que estaba chea, proxectouse a película *En la puta vida* (2001) da uruguaia Beatriz Flores Silva, no cine do Círculo de Belas Artes. Para o coloquio Javier Corcuera, Chus Gutiérrez, Fernando León de Aranoa (cineastas) e Benito R., crítico de cine de *El País* e outros medios de comunicación, moderados por Carmen Briz puxeron punto final a unhas xornadas de debate onde a reflexión, a experiencia, o traballo teórico e moi diversas experiencias prácticas deron materia abonda ás persoas participantes para romper prexuízos e tópicos co tema da prostitución e para facer valer esa regra de ouro de dar voz ás protagonistas e escoitalas.

No programa que editou Hetaira xa se nos di, por boca de Fernando León de Aranoa que «...Oiredes falar a moitos no seu nome, endexamais a elas. Cando as queren salvar, cando as queren protexer, cando as queren agachar, cando as queren botar, tampouco poderedes escoitalas porque ninguén lles pregunta nada, nunca». 

[...] elas realmente tomaron a palabra e resultaba moi diferente o seu discurso, as súas preocupacións, as súas demandas e como ven e viven algunhas delas o seu traballo

¹ Antes da aprobación da lei consultaron a cen entidades que traballaban en asuntos sexuais (educación e información sexual, prevención de embarazos, SIDA...). Noventa e oito (98) amosaron o seu desacordo coa lei e pesie a todo aprobaron. Ás putas non lles preguntaron nada. O Consello Nacional de Policía, O Consello Nacional de Benestar Social, o Fiscal Xeral e a Administración da Maxistratura Nacional, foron contrarias á aprobación desta lei.





Nereida Lakuló, ecuatoriana, nun descanso con Pili Pérez botando un ollo a *Andaina*. Falounos «Na procura dun soño» (na mesa de **Inmigración e Prostitución**), desde o escenario da pobreza, a ignorancia que nos leva a deixar a nosa patria, pais, maridos, fillos para subir ás pateiras, balseiras, mulas.

«Vin sabendo a qué, a esta profesión –antiga, pero non recoñecida– e me enfrontei á noite e o frío, aos riscos da profesión. Xa era hora de que nos deixen falar e non falen por nós. Gústanos o noso traballo. Somos prostitutas e non prostituídas».

«Pregúntennos a nosotras. O noso traballo é tan respectable como o dun mestre, arquitecto, xornalista».

«Necesítamos romper a sacralización do sexo».

En resposta a unha pregunta sobre as mafias dixo que ela nunca as viu.

A ela prestoulle unha amiga con interese. Ela prestoulle a outra.



Sietske Altink, de Rodedraad, Fío Vermello de Holanda, falou por forza brevemente da experiencia de Holanda, onde calquera persoa pode establecer as condicións para o seu sexo (pago ou non pago). As traballadoras do sexo están recoñecidas e poden esixir os seus dereitos diante dun xuíz se así o estiman. Aos Bancos –e outras institucións oficiais– levoulles tempo aceptar as súas **NOVAS CLIENTAS**. Perante as moitas críticas que aínda seguen escoitando de sectores feministas e conservadores, Sietske insiste en que só hai unha cousa peor que a estigmatización **CON** dereitos e é a estigmatización **SEN** dereitos

Pilar Rodríguez, profesora de socioloxía da Universidade de Almería. Na súa intervención nas xornadas *A Prostitución a debate*, insistiu na consideración das mulleres como **ACTORAS**, seres sociais. Nas características do mercado laboral no que participan as mulleres migrantes subliñou a terciarización, precarización e segmentación do emprego, así como a concentración en ramas de actividade moi concretas: servizo doméstico e industria do sexo.



Diversas persoas do mundo da cultura mandaron o seu apoio as Xornadas de prostitución organizada por Hetaira con diversos textos. Nesta iniciativa participaron os escritores Pablo Sanz, Lucía Etxebarría, Eduardo Galeano, Laura Restrepo, Rosa Regàs, Soledad Puértolas, Leopoldo Alas, Eduardo Mendicutti, Rosa Montero e Carlo Fabreti; os xornalistas Eduardo Haro Tecglén e Ruth Toledano; as poetas Pamela Pérez, Belén Reyes e tamén Francisco Cenamor; os directores de cine Antón Reixa, Carlos Bardem e Fernando León de Aranoa. Entre toda este pequena grande mostra de apoio a través das palabras, escollemos para as lectoras e lectores de *Andaina* un par deles:

Eduardo Galeano

Os dereitos das prostitutas? «As cousas non teñen dereitos», di a moral dos puritanos, que desprezan o que usan.

Puta moral


Ruth Toledano

As traballadoras do sexo

A Hetaira

Que moral é esta segundo a cal, se vendes as túas ideas, es un creador, e quizais un xenio; se vendes o teu traballo manual, es habilidoso e necesario; se vendes a maior parte do teu tempo e o teu esforzo ao servizo de calquera empresa máis ou menos corrupta, es unha persoa máis ou menos de éxito; se vendes a túa estabilidade emocional, a túa capacidade de elección, as túas opinións, se vendes a túa alma (ao xefe, ao grupo, ao marido, ao diñeiro, ao poder, ao diaño) es un ser adaptado e respectábel. Pero se, na túa infinita liberdade, vendes o teu

corpo; se, a través do teu corpo, vendes sabor e tacto, caricias, fantasías, orgasmos; se vendes sorrisos e erotismo; se vendes sexo e compañía, se vendes ilusións e praceres máis ou menos fugaces, es un ser indigno e marxinal.

Existe outra moral. A que comprende que é peor vender almas que vender felacións; é máis: que, en si mesmas, as armas son malas, e boas, as felacións. Que é malo bombardear, estoupar, contaminar, e non o é apostarse na rúa á espera de alguén que veña a procura do gozo do teu sexo. A moral que comprende que é mellor facer o amor que facer a guerra. Segundo esta moral, o traballo do sexo é moito máis digno, respectable, pacífico, necesario que aquel que cotiza en Bolsa e rexe os destinos dun mundo desapiadado. Por iso hai que defender os dereitos de quen exerce este traballo, defendelo dos seus accidentes e dos perigos da moral aquela (a dobre, a falsa, a mentireira, a balorenta, a represora, a inxusta, a machista, a triste). Defender unha moral alegre, segura e libre, unha moral puta. Como todas. 



O estigma da prostitución

CRISTINA GARAIZÁBAL*

O estigma das prostitutas

En Hetaira¹ ao longo destes anos fomos dándonos conta de que un dos elementos máis discriminatorios da situación das prostitutas é a estigmatización que sofren. De feito, así o recoñecen a maioría de traballadoras do sexo e as teóricas do movemento internacional de prostitutas. Por exemplo, Gail Pheterson considera que esta estigmatización é o que constitúe o eixe central da definición mesma do traballo sexual.

No imaxinario colectivo ás prostitutas se lles atribúen fundamentalmente tres identidades que se superpoñen moitas veces:

► Por un lado, o estado coas súas leis atribúelles a identidade de *delincuentes*, intentando criminalizar a prostitución de rúa como está facendo o Concello de Madrid estes últimos meses ou como fixeron en Francia o pasado ano. O interese fundamental das políticas estatais é controlar a prostitución, establecendo as condicións nas que o exercicio é legal e considerando delito a actividade que se exerza fóra dos límites e controis establecidos polo estado.

► Para o pensamento de dereitistas, para os defensores da moral e

os bos costumes, a prostituta é basicamente unha *viciosa ou unha enferma*, unha muller que exerce esta actividade porque lle gusta e disfruta con ela. É a tentación dos homes, a que os incita a seren infieis e a que os provoca para realizar actos sexuais prohibidos.

Para este sector o fundamental é que a actividade non se vexa, xa que o que funciona é o código da dobre moral, por un lado utilízase e acéptase a prostitución como un privilexio masculino, mais sempre que se manteña oculta, por outro dégrádanse e castíganse as mulleres que a exercen. Este dobre código funciona tanto entre o que se fai (ir de putas) e o que se di (condenar a prostitución) como na diferente valoración que lles merecen os clientes (uns machotes) ou as putas (unhas porcas).

► Para o pensamento de esquerdas tradicional, influenciado por unha determinada corrente feminista, a prostituta é basicamente unha *vítima*, ben das circunstancias (mulleres pobres, con traumas infantís ou vítimas de violencia sexual nunha etapa temperá da vida), ben da maldade dalgúns homes (que as enganan e coaccionan para que exerzan).

O fundamental desde este pensamento é salvalas, queiran ou non, desta actividade aldraxante que acaba denigrándoas e obnuvilándolles a consciencia de xeito que non son quen de pensar qué é o que máis lles convén. En definitiva, en ningún dos tres casos as prostitutas aparecen como suxeitos de dereitos.

A puta é unha categoría particular de muller, que queda diferenciada e apartada do resto de mulleres. É *vítima* por excelencia. Obxecto de desexo, suxeito de baixas paixóns, transgresora dos límites que rexen para o resto de mulleres, concita de feito, desexos, envexa e desprezo.

A figura da prostituta é unha das figuras máis estigmatizadas do imaxinario sexual, sendo este estigma un dos piares da ideoloxía patriarcal. O estigma de puta divídenos ás

* Xornadas de Hetaira, Madrid, maio, 2004.

¹ Hetaira é un colectivo para a defensa dos dereitos das prostitutas. Está formado por mulleres, aínda que non se exclúe a participación de homes, que exercen a prostitución e por mulleres que realizan outro tipo de traballos.

mulleres en boas e malas mulleres. Unha idea que aínda con todos os cambios que se produciron nos últimos tempos no terreo da sexualidade nos segue a clasificar e catalogar en función desta.

Un dos obxectivos principais do noso traballo en Hetaira é loitar contra a estigmatización das prostitutas xa que nos parece fundamental cuestionar a etiqueta de «malas mulleres» ligada ao comportamento sexual. Entre outros elementos porque este estigma non afecta só ás putas, senón que recae tamén sobre todas aquelas que ousan desafiar os mandatos sexuais que aínda hoxe seguen rexendo para as mulleres.

O estigma de puta é así un instrumento de control para que as mulleres nos atañamos aos estreitos límites que aínda hoxe, encorsetan a sexualidade feminina. As putas representan todo aquilo que unha muller «decente» non debe facer e a súa criminalización serve para escarmentar en cabeza allea. Desde o punto de vista da construción dos xéneros se a masculinidade se constrúe baixo a ameaza da homosexualidade (homofobia), a feminidade e particularmente o prototipo de sexualidade feminina constrúese baixo a ameaza de ser considerada unha puta. No imaxinario das mulleres a figura da puta simboliza o límite que non podemos traspasar a risco de que nos consideren e, o que é peor aínda, nos autoconsideremos indignas. A ideoloxía dominante opón o pracer ao perigo. Hai que ser «boas» mulleres para sentirnos protexidas. Se es «mala» é lóxico que te agredan, que te pase calquera cousa. As boas mulleres son suxeito de dereito e protección pero as malas, especialmente se se empeñan en segui-lo sendo, quedan desprotexidas e perden todo tipo de dereitos.

Desde o aspecto social séguese esperando que as mulleres teña-

**A puta [...] É «víctima» por excelencia.
Obxecto de desexo, suxeito de baixas
paixóns, transgresora dos límites
que rexen para o resto de mulleres,
concifa de feito, desexos,
envexa e desprezo**

mos unha sexualidade moito menos explícita que a dos homes. Se cumprimos con isto considéranos «boas». Se, pola contra, o saltamos e esiximos o dereito a autodeterminarnos sexualmente, a facer coa nosa sexualidade o que nos praza, sen someternos ao que se espera de nosoutras, somos «malas». No modelo sexual que se nos propón socialmente, as prostitutas aparecen e representan ás «outras», ás «malas mulleres» por excelencia, as que condensan en si todo o prohibido, todo o que non poden facer as mulleres «boas».

O proceso de estigmatización que sofren as traballadoras sexuais fai que se consideren mulleres especialmente viciosas, perversas, trastornadas ou enfermas. O estigma de puta leva a que toda a súa vida sexa valorada baixo este prisma: son consideradas «malas nais» (xa que no imaxinario colectivo nai e puta autoexclúesen), non se respecta a súa vida amorosa (os seus compañeiros sentimentais son vistos como os «chulos»), considérase que sempre están manipuladas por outros (crendo que todas están controladas polas mafias) e négaselles o dereito a saír dos seus países e emigrar a outros que se supón lles poden ofrecer mellorar as súas condicións de existencia (todas as estranxeiras son vistas como vítimas das redes de tráfico). En definitiva négaselles os máis elementos dereitos humanos.

Ademais a maioría de estudos que se realizan sobre prostitución tamén están imbuídos por estas ideas e reforzan o imaxinario colectivo intentando demostrar, desde unha suposta cientificidade, que todas as prostitutas foron vítimas de abusos sexuais na infancia, de malos tratos, ou que teñen unha vivencia patolóxica da sexualidade. Estudos, todos eles, que aínda que poidan reflectir unha parte da realidade destas mulleres, están feitos

con mostras non significativas de traballadoras sexuais e non soen ter como grupo control co que contrastar os datos, á poboación feminina xeral.

Por que este estigma?

Desde o meu punto de vista ten que ver co feito de que estas mulleres, contrariamente á norma patriarcal, móstranse «sexuais» e manifiestan a sexualidade abertamente, incitando os homes de maneira explícita, sen dobreces nin recato, a comprar actos sexuais. Ademais, no caso das traballadoras que captan a súa clientela na rúa, o seu traballo é visíbel, son transparentes. Violan dúas regras sagradas: tomar o espazo público para os seus negocios e visibilizar o seu carácter sexual, sacando a sexualidade do terreo do privado. O castigo por semellante atrevemento é sufrir o maior desprezo e os ataques máis ferozes da poboación benpensante.

Pero diríase que o castigado nas prostitutas non é tanto que manteñan relacións sexuais senón que cobren por iso. Suponse que as mulleres están sempre dispostas e «encantadas» cando un home as reclama sexualmente, co que, no disfrute está a recompensa. Non se tolera que a recompensa sexa abertamente económica, e máis, cando esta recompensa económica non é como favor por parte dos homes (a diferenza do que ocorre coas amantes) senón algo fixado de antemán pola prostituta: «Se queres unha relación sexual, paga» (co que significa de poder para elas ao seren elas mesmas as que deciden o prezo).

Por exemplo, Gail Pheterson no seu libro *O prisma da prostitución* formula que o sexo con homes como traballo implica un recorte á entrega ilimitada que se presupón que as mulleres deben ter cara aos seus maridos. Os actos sexuais que

se venden teñen unha duración limitada e un prezo, o que, segundo Pheterson «fai que haxa máis reciprocidade nesta relación comercial que no matrimonio aínda que existe asimetría porque elas necesitan cartos e eles necesitan sexo». Coincido con ela en que non se tolera a relación comercial da prostitución e a independencia económica que dela se deriva para as traballadoras sexuais. Quizais por iso, o imaxinario popular tende a velas sempre explotadas por chulos ou proxenetas, imaxe bastante alonxada da situación real da maioría de prostitutas aínda que haxa algunhas que poidan estalo. A ideoloxía patriarcal non tolera nin a transgresión das normas sexuais para as mulleres nin a súa independencia económica.

Os lugares que a puta ocupa no imaxinario colectivo así como o estigma que recae sobre todas as traballadoras sexuais é interiorizado tamén por estas. Esta interiorización é á vez un dos elementos que máis dificultan que as traballadoras poidan erixirse en suxeitos sociais e dotarse de autoridade para representar os seus propios intereses.

O estigma por comerciar coa sexualidade mistúrase na práctica con outros elementos de discriminación. O xénero é un elemento central: non se pode comparar o estigma que sofren as mulleres traballadoras sexuais co que sofren os homes que tamén se adican ao mesmo. Pero non é o único, a clase social, a etnia, a orixe nacional ou os lugares de exercicio, introducen un elemento importante na consideración social e en como afecta o estigma na práctica.

Por exemplo, antes dicía que na actualidade as traballadoras que captan a súa clientela na rúa son as máis estigmatizadas. A través da victimización, que presupón que todas elas son escravas sexuais, né-

gaselles o seu poder de decisión e de autonomía. Pero ademais, as leis contra a prostitución na rúa refórzanse no noso estado de forma racista e xenófoba co control de inmigrantes. O estigma de puta utilízase así para xustificar tamén a represión, a exclusión, o maltrato e a marxinação das inmigrantes.

Nos últimos anos o imaxinario da vida pública e privada está aterrado ante a posibilidade de contraer unha enfermidade sexual, en concreto a SIDA. Neste contexto ao estigma de ser puta úneselle o estigma de ser un grupo de risco na transmisión do VIH. As traballadoras do sexo convertéronse no «chibo expiatorio» das inquedanzas e temores que se dan nunha época na que a sexualidade se está redefinindo e as fronteiras tradicionais que separan uns grupos doutros (homes / mulleres; mulleres boas / mulleres malas; heterosexual / homosexual...) empezan a mostrarse porosas e corren o risco de esvaírse. As políticas institucionais e as esixencias da patroal dos locais de alterne, Anela, de establecer controis sanitarios obrigatorios para as prostitutas co fin de garantir a saúde dos clientes, reforzan o estigma e a fronteira que as separa do resto da poboación supostamente sa.

Así mesmo, as discusións dentro do feminismo entre as posicións abolicionistas e as de defensa dos dereitos como traballadoras sexuais parecen ser eco das discusións de finais do século XIX, sobre a pureza moral e a prostitución. As propostas abolicionistas reforzan tamén o estigma ao presentaren as prostitutas como mulleres sen vontade para poder enfrontarse aos problemas e necesitadas dunha protección estatal especial. Pero ademais, hoxe serven de cobertura ideolóxicas ás políticas institucionais de criminalizar a todas aquelas traballadoras sexuais que non

queren pasar polas condicións que as institucións propoñen sen contar con elas.

As polémicas feministas

A fisolofía abolicionista, que hoxe apoia iniciativas represivas como as que está levando a cabo o Concello de Madrid, analiza a prostitución dunha forma excesivamente abstracta, desconsiderando os elementos concretos e subxectivos que moven as mulleres que realizan este traballo. Así considera que a «prostitución reduce as mulleres á categoría de corpos, meros obxectos animados para o uso e disfrute dos homes». Esta forma de achegarse á realidade das prostitutas impide ver as estratexias que estas utilizan para sobrevivir nun mundo cheo de desigualdades. Un mundo dunha dureza excesiva para determinados sectores da poboación, especialmente se se trata de mulleres. O abolicionismo mantén que «o estatus de prostituta desprovee ás mulleres prostituídas das

A ideoloxía dominante opón o pracer ao perigo. Hai que ser «boas» mulleres para sentirnos protexidas. Se es «mala» é lóxico que te agredan, que te pase calquera cousa



Cristina Garaizábal nas Xornadas a prostitución a debate
Boas e malas mulleres: O estigma da prostitución

[...] os cambios que se poden producir na consideración social das traballadoras do sexo pasan en primeiro lugar por reivindicar que a prostitución é un traballo que non pode definir a quen o exerce

súas características especificamente humanas» e diríase que elas, aínda que pretenden combater isto, non conseguen romper con esta visión. Por que non cabe cuestionarse se afirmar que **sempre e todas as mulleres** son prostituídas por terceiros, non é negar o libre albedrío? Non é negar unha das características humanas por excelencia? A libre elección.

Que a prostitución sexa, entre outras cousas, unha institución patriarcal cunha función simbólica de control da sexualidade feminina, non quere dicir que as prostitutas sexan por iso as colaboradoras ou as vítimas por excelencia do patriarcado. Os seres humanos non nos colocamos pasivamente ante as institucións e os símbolos, pola contra, a liberdade e a nosa capacidade de decisión permítenos xogar con estes, utilízalos, rebelarnos... así anque simbolicamente a prostitución sexa un instrumento de control social (como o matrimonio, a escola e moitas outras institucións na nosa sociedade), na práctica tamén é un medio de vida, que ofrece maiores niveis de ingresos que outras actividades laborais, e que serve polo tanto para acadar, en moitos casos, unha maior independencia económica e unha liberdade persoal da que non gozarían con outros traballos.


O abolicionismo impide ver as estratexias que utilizan as mulleres para vivir o mellor posíbel en sociedades que as discrimina. Ao deshumanizar as prostitutas, analizando a categoría muller en abs-

tracto, e desconsiderando os factores subxectivos que moven a estas mulleres, fanse eco da ideoloxía patriarcal que concibe as mulleres como apéndice dos desexos masculinos. Négaselles así ás prostitutas a súa condición de suxeitos activos, que toman iniciativas e teñen poder de decisión aínda nas situacións máis terribes e condicionadas. Anque é evidente que este poder non é igual para todas.

O feminismo é unha forza social que actúa para que todas as mulleres teñan máis poder de decisión e autonomía. Para iso é importante partir de cales son os condicionamentos concretos que recortan as posibilidades de actuación dos diferentes sectores de mulleres. No caso das prostitutas, as condicións de alegalidade nas que se desenvolve o seu traballo e a consideración social estigmatizada que recae sobre elas son elementos fundamentais que limitan a súa capacidade de decisión e actuación. Por iso é fundamental apostar por ampliar estes límites que condicionan as súas decisións recoñecendo os seus dereitos en tanto que traballadoras do sexo e desacralizando a sexualidade como forma de loitar contra o estigma. Cómpre que as prostitutas se constrúan como suxeitos sociais con capacidade para facer oír a súa voz e negociar os seus intereses particulares. E para iso é fundamental que desde o feminismo non lles neguemos a súa posición de suxeitos senón que, pola contra, apostemos por reforzar esta posición partindo

da súa capacidade para decidir e remitíndonos a ela para esperar a súa rebeldía.

Parece evidente que os cambios que se poden producir na consideración social das traballadoras do sexo pasan en primeiro lugar por reivindicar que a prostitución é un traballo que non pode definir a quen o exerce. Nomear ás prostitutas, traballadoras do sexo, é un elemento importante neste cambio. Agora ben, tamén creo que iso non pode excluír o nome «prostituta». Primeiro porque elas moitas veces se senten identificadas con esta palabra, pero sobre todo porque creo que é un elemento de subversión apropiarse das categorías abxectas, elaboradas con ánimo de degradar e redefinilas, dándolles outro significado, en positivo como forma de neutralizar os seus efectos. O xerme deste significado está no propio imaxinario anque ocupe unha posición subalterna e limítrofe.

Neste sentido reivindicuémonos PUTAS se con iso expresamos que somos **transgresoras** dos límites patriarcais á sexualidade feminina e **malvadas** porque temos en conta os nosos intereses e os nosos desexos sexuais. 



O 21, 22 e 23 de xuño de 2001 a UNED e o Instituto de la Mujer, organizaron un Seminario Internacional sobre Prostitución en Madrid. Tirando do proxecto estaba Raquel Osborne que recolle agora nun libro boa parte dos traballos apresentados naquel seminario.

OSBORNE, Raquel (ed.): *Trabajador@s del sexo. Derechos, migraciones y tráfico en el siglo XXI*, Barcelona, Bellaterra, 2004.

Do interesante libro extractamos e traducimos uns fragmentos.

Introducción:

A prostitución ten constituído, desde sempre, un tema de debate e de intervención pública. A partir da consagración da burguesía, resultou ser a cara escura do matrimonio e unha institución creada para dividir as mulleres en decentes e indecentes, en boas e más, de un só e de moitos homes, en mulleres «privadas» e mulleres «públicas». As políticas públicas movéronse guiadas por unha dupla moral sexual, entre o moralismo condenatorio e o recoñecemento da súa inevitabilidade: a iso responderon as políticas abolicionistas ou regulamentaristas. As vítimas desta dupla moral foron, xeralmente, as mulleres: as que vendían o seu corpo atopábanse co rigor das leis cando conviña, e ás demais se lles impuña un férreo control sexual so pena de ser chatadas de «putas».

Despois da chamada «Revolución Sexual» dos anos sesenta e a liberalización dos costumes que se introduciu en Occidente, chegouse a pensar que a prostitución caería en desuso. Non só non foi así, senón que o asunto se complicou co fenómeno da globalización, que permite o libre tráfico de bens e mercadorías a escala planetaria máis non así o de persoas, nas que o dereito á libre circulación se ve restrinxido cada vez máis desde finais dos anos sesenta (Azize).

Un dos aspectos máis notorios da globalización son os movementos migratorios dos países pobres aos países ricos por parte de persoas en busca duns ingresos cos que se manter a si propias e os parentes que quedan atrás. Se unha das consecuencias das políticas neoliberais ten sido a feminización da probeza, non nos ha extrañar que tamén as migracións se teñan feminizado: é crecente o número de mulleres que migran por conta propia, sen supeditación ao varón –lease marido ou pai–. O matrimonio, o servizo doméstico, a hostelería ou o traballo sexual son as principais saídas laborais para as mulleres migrantes. Pero migrar legalmente aos países ricos é cada vez máis difícil para o nutrido número que o pretende. Se legalmente non é posíbel facelo, tentárase de xeito ilegal. Neste panorama as migracións clandestínzanse, e desde os países ricos e os organismos internacionais se comeza agrupar todas as modalidades da migración internacional baixo unha sosa denominación: tráfico de persoas, comunmente integrado por «mafias» –cuxos integrantes son eles mesmos, migrantes en moitos casos–, que se lucran coas necesidades imperiosas de migrar de tanta xente e a clandestinidade inherente ao asunto, co conseguinte aumento dos prezos. Esas condicións son un caldo de cultivo para os abusos de todo tipo. Voluntariamente ou á forza, moitas mulleres inmigrantes están ocupando un espazo deixado polas mulleres locais, é dicir, que entre as escasas posibilidades laborais ao seu alcance, acabarán participando na industria do sexo ao ser, ademais, moi demandadas polos clientes occidentais. Pero conseguir permisos de traballo e residencia para traballar nesta industria resulta imposible.

Raquel OSBORNE (pp. 11-12).

A identidade masculina: tamaño, cantidade e potencia

Tamén teñen unha fantasía moi probe os clientes: as fantasías dos clientes sempre son as mesmas, os seus requerimentos non son de sexo erótico. As relacións son sempre apresuradas e cando chegan onde está a prostituta xa as consumaron na súa imaxinación. Outra cousa que me impresionou durante a escoita das gravacións é que cáseque todos, mesmo os máis xoves, preguntaban: «Como o teño?» Cómo teño o pene, non cómo teño a cabeza ou si estiven ben, se o pasaches ben comigo, non: cómo o teño. Entón, dependendo do que che pagara, así te comportas: si che pagou moito e foi agradábel dislle: «Enorme!». Porén –cómo o diría– se é un pouco antipático e ademais o queres sacar de enriba rapidamente, destrozalo. A opinión dunha prostituta pode arruinar a vida sexual dun home durante anos. Pero a súa identidade pasa por aquí. Sinto polos homes que están presentes, en calquera caso, non é a miña intención facer unha guerra persoal, porque, repito, sigo crendo moito nas relacións entre homes e mulleres... pero isto é algo moi importante para eles, o estar certos con respecto ao tamaño e o uso do seu pene.

Outra cousa que creo que forma parte da cultura machista e mediterránea é sentirse cada vez máis poderosos, máis homes, segundo a cantidade de mulleres coas que se teñen deitado. «Eu tireime a tres e entón son así», «Pois eu tireime a cinco e logo o meu, a miña identidade de macho é meirande»... Sen ter conta, claro, as mentiras que cantan! Outra cousa que me chamou a atención é que van cunha prostituta e se non o conseguen porque teñen problemas nese momento, ou simplemente sofren de ansiedade ou están nerviosos e non logran levar a término a relación, o primeiro que lles preocupa é: «Non llo digas a ninguén». Como se eu coñecese os seus amigos, ou a súa familia... Están tan aterrados polo feito de que a súa identidade masculina se poña en tea de xuízo, que lles preocupa mesmo o que pense a prostituta coa que deron «gatillazo» se a cousa non funciona, e isto é moi divertido.

Carla CORSO: «Desde dentro: os clientes vistos por unha prostituta» (pp. 127-128).

A política do «ahhggg»¹

Outra dimensión que sempre me sorprende da oposición feminista ao traballo do sexo foi que as mulleres que deseñaron e fixeron campaña a favor da lei afirmaban repetidamente que as súas protestas contra a prostitución non tiñan nada que ver cunha cuestión moral. Non estaban tratando de impor a súa moral a outras persoas –insistían unha vez e outra nas entrevistas e nos artigos de debate–. Por moito tempo pensei que esta negación era deshonesto e paternalista. Non obstante canto máis pensaba niso, máis senso cobraba: a desaprobación estaba fundamentada no que a traballadora do sexo e escritora Carol Queen (citada en Chapkis, 1997, p. 51) chamou unha «política do ahhggg» é unha política baseada na asunción de que se a alguén non lle gustan determinadas relacións ou actos sexuais tampouco lle gustarán a outra persoa. A miña conclusión é que a aversión que expresan sinaladas feministas suecas polo traballo do sexo, máis que moral, é visceral; o sentimento de que, dado que elas nunca venderían sexo, ninguén o faría voluntariamente. Unha política do «ahhggg».

Para finalizar, quixera voltar brevemente á cita coa que comezaba este artigo, unha cita que proclamaba con orgullo cómo a nova lei sueca que penaliza os clientes era «única no mundo», e cómo, polo tanto, «atrae unha enorme atención tanto dentro como fóra do país». En realidade, dita lei non é en absoluto única. Moitos países teñen leis que permiten á policía deter homes que transportan ou recollen prostitutas. Estas leis xeralmente tamén penalizan a traballadora do sexo. E é que sería pouco honesto finxir que a nova lei sueca non penaliza as/os traballadoras/es do sexo. Un exemplo interesante diso, ademais dos xa mencionados, é o feito de que en tres dos casos nos que a policía acusou os homes de comprar sexo, as traballadoras do sexo implicadas na transacción eran estranxeiras indocumentadas. Ningún destes tres casos se levou endexamais aos tribunais. Por qué? Porque as traballadoras do sexo foron detidas e deportadas antes mesmo de poder ser interrogadas sobre os seus supostos clientes (BRA, 2000, n°4, p. 44).

Don KULICK: «A penalización dos clientes e a “política do ahhggg” en Suecia» (pp. 233-234).

¹ En nota da tradución explícanos que o «ick» sueco expresión onomatopéica e de carácter coloquial empregada no inglés americano para denotar noxo, ten sido traducida polo «ahhjjj» que nós convertemos en «ahhggg».

Consentimento e o protocolo sobre tráfico

Incluir nun mesmo grupo a mulleres e nenos/as relega efectivamente as mulleres ao estatus infantil. A protesta contra esta inclusión foi o elemento central da nosa posición defendida en Viena. A nosa recomendación escrita sinalaba que «obviamente, por definición, ninguén consente o secuestro ou o traballo forzado, pero unha muller adulta é capaz de dar o seu consentimento para participar nunha actividade ilegal (como a prostitución, alá onde esta é ilegal en si mesma ou ilegal para persoas inmigrantes). Se ninguén a presiona para exercer tal actividade, entón o tráfico non existe» (Human Rights Caucus, 1999, p. 5).

Estou totalmente en desacordo co argumento de que o traballo do sexo é inherentemente unha violación dos dereitos humanos e que, polo tanto, non pode ser consentido. Non obstante, a miña intención neste artigo non é reiterar as miñas argumentacións a favor da consideración do traballo do sexo como unha profesión lexítima (Alexander e Delacoste, 1987; Pheterson, 1989; Chapkis, 1997; Bindman e Doezema, 1997; Nagle, 1997; Kempadoo e Doezema, 1998). Quero centrarme máis ben nas daniñas consecuencias políticas dos argumentos feministas en contra da prostitución. O argumento de que as mulleres non poden consentir interaccións sexuais comercializadas está moi perto, ironicamente, daquelas ideas antifeministas sobre a sexualidade feminina, en particular, de aquela sobre a ameaza que supón a autonomía sexual das mulleres, como tamén daquelas teses «orientalistas» sobre o retraso doutras culturas (Doezema, 2001). A «infantilización» das mulleres chega a ser non tanto unha ferramenta de poder como un xeito de lles tirar liberdade.

Jo DOEZEMA: «¡A medrar! A infantilización das mulleres nos debates sobre “tráfico de mulleres”» (pp. 154).

A Problematización do amor

Todos os involucrados aseguran que queren sentir e ver cousas novas: o desexo non ten fronteiras, raza nen clase. Como se satisfán ou se intentan satisfacer os desexos eróticos? Segundo o discurso hexemónico, central, existe unha relación sexual correcta, expresada a traveso «do amor», definido como enamoramento romántico, busca de parella fixa e vivir xuntos para sempre. Este conxunto é un concepto bastante recente en Occidente que coloca a familia nuclear ou a parella fixa no centro. Recentemente e nalgúns lugares esta parella pode ser homosexual, pero ten que ser unha parella enamorada, amorosa e comprometida. En consecuencia os desexos de ter o sexo anónimo, público, comercial e con múltiples parellas están condenados, vóltanse patolóxicos cando a familia está colocada no centro como patrón de toda relación sa.

Sen embargo, o ideal da familia é moi difícil de lograr. Consideremos somentes as altas taxas de divorcio nalgúns países, as baixas taxas de natalidade noutros e as crecentes taxas de persoas que viven soas; tendencias máis notábeis no norte de Europa, Escandinavia e os países de tradición anglosaxona, pero que están medrando en todas partes. Non é que o ideal morra, pero a dificultade de logralo fai que a xente busque satisfacer moitos desexos fóra da familia; por exemplo, como comentei aquí, en festas en barcos, encontros na praia, en relacións exóticas ou con persoas diversas, por medio de experimentacións sexuais e por experiencias pagadas con profesionais do sexo.

Laura AGUSTÍN: «O non falado: desexo, sentimentos e a busca de “pasalo ben”» (pp. 189).



Autonomía e límite da autonomía das traballadoras do sexo marroquinas

 PILAR RODRÍGUEZ MARTÍNEZ
E FÁTIMA LAHBABI

«A muller na literatura relixiosa, mística, cortés ou outra, nada ten que ver coa muller real e menos aínda coa contemporánea, a pesar da insistencia dos imáns en confundir ambas. O que caracteriza ao islam, se se compara coas sociedades de tradición xudeocristiá, é a súa insistencia en erixir o ideal relixioso en lei, fundando dese modo unha teocracia. E en calquera teocracia, musulmá ou non, a muller real non ten lugar. Unicamente a lei pode integrala nun ideal elaborado lonxe da terra, nun ceo exclusivamente masculino. Dita distinción entre muller real e obxecto de discurso é fundamental para captar un dos misterios desta relixión, a súa incribel dinámica, que subxace pre-

cisamente na tensión entre un ideal imposíbel e unha realidade ingobernábel» (Ait Sabbah, 2000: 33).

Desde o noso punto de vista, as traballadoras do sexo marroquinas son seres sociais con capacidade de autonomía. Desde o acto de emigrar, que en moitos casos protagonizaron soas ou cunha amiga, ata o feito de empezar a traballar nun club, nunha barra americana, no seu apartamento ou na rúa, as inmigrantes marroquinas que entrevistamos son suxeitos responsábeis da súa propia conduta, polo menos ata onde se pode afirmar o mesmo do resto da poboación.

Iso non quere dicir que no seu caso non pesen as estruturas sociais. Evidentemente vense presio-

nadas por unhas condicións sociais que se derivan do marco social pre e post emigratorio. No que se refire ao marco social anterior á emigración, hai que dicir que ningunha muller é socializada para traballar na prostitución e menos as que se recoñecen como musulmás. O Corán prohibe explicitamente o intercambio de servizos sexuais con alguén que non sexa o marido.

Polo xeral, as mozas empezan a traballar na industria do sexo tras ter emigrado, por unha situación

Tirado do libro inédito de RODRÍGUEZ MARTÍNEZ, Pilar e Fátima LAHBABI: *Migrantes y trabajadoras del sexo*.

de falta de documentación... Nese período de toma de contacto coa nova paisaxe social, case todas as mulleres que nos contaron a súa «historia» incluían o feito de chorar e se sentir desgraciada en canto se empeza a traballar na prostitución. Atopámonos con mozas que se estaban debatendo entre empezar ou non a traballar na industria do sexo. A cuestión non era se lles gustaba ou non traballar nun club, senón se podían ou non facer fronte ás súas necesidades económicas nunha situación de indocumentación, de falta de coñecemento da lingua e de falta de opcións laborais alternativas. Esta situación explicábanola unha moza dicindo que nun momento tivo que «botarse a man sobre os ollos» (taparse os ollos) para poder continuar. Malika, de 45 anos, comentábanos que ao principio era difícil soportar a situación. Tomar unha copa, nestes casos, axudáballes a vencer un sentimento de medo e vergonza. O traballo e o pracer teñen tan pouco que ver entre si que Malika, que exerce a prostitución no seu apartamento, nunca dorme na cama que traballa. Se algo caracteriza o entorno das traballadoras como Malika é a presenza de dúas camas no apartamento: unha grande, para o traballo e outra pequena, para descansar e disfrutar.

A participación das mulleres emigrantes sen papeis na industria do sexo está motivada pola falta de papeis e a alta rentabilidade que ofrece o sector.¹ Sobre todo na primeira fase da experiencia migratoria, cando se teñen débedas ou familiares no país de orixe que hai que apoiar economicamente, a participación das mulleres na industria do sexo apórtalles uns altos ingresos.

P: Gáñase diñeiro nos clubs?

R: Gañas diñeiro, gañas. Pero, agora, non teño xa nin idea.

P: Non, agora xa, xa hai moito tempo.

R: Xa me saquei desas cousas, e iso, malo, iso malo. Unha traballa de noite e ve cousas malísimas, pero como non temos papeis, non temos nada, non temos máis remedio. Eu querer traballar e ninguén querer meterme sen papeis, sen ná. E soamente en club é que podes traballar.

P: ... Esa é a única opción.

R: A única opción.

P: Esa é sempre a opción que hai, a última opción para as mulleres. Non tes outra posibilidade.

R: Non tes outra. Como... non sabes nada de... Antes, ben de cousas, ben de roupa, e cando veño aquí, non sei, non podes traballar nesa cousa, non podes (Mouna).

Como nos explica Mouna, que na actualidade sobrepasa os 40 anos e empezou a traballar na prostitución en Málaga, por unha banda tiña que soportar o feito de ser considerada como prostituta en España; pero, por outra banda, en Marrocos era reputada como axente capaz de resolver un problema económico familiar, capaz de triunfar nunha sociedade que valora máis os recursos económicos que o respecto ás normas convencionais sobre a feminidade. Non se trata de mozas desvinculadas dos seus familiares, senón de persoas que asumen responsabilidades e toman a iniciativa para resolver problemas económicos. Mouna por exemplo, tiña dous fillos en Marrocos aos que estaba a enviar cartos. Esas responsabilidades esixíanlle dispor de solvencia económica para poder

¹ Hai que ter en conta que no traballo doméstico como interna non se sobrepasan os 360€ ao mes, e hai empresas de limpeza que na actualidade están pagando entre 1,5€ e 2€ á hora en Almería. Por outra banda, un servizo completo na industria do sexo pode rondar desde os 30 aos 60€.



pór a súa situación en orde. Cando o conseguiu, abandonou a industria do sexo e buscou traballo coitando anciáns e botando horas na limpeza. Casou e na actualidade é viúva dun español, polo que está en proceso de conseguir a nacionalidade.

Estas mulleres só nunha segunda fase da experiencia migratoria, se as necesidades económicas non son tan apremiantes, empezan a formularse a cuestión da súa respectabilidade persoal. Esa é a fase na que actualmente se atopa Sara:

Eu quero cambiar Almería porque non, non nunca [...] non comer, non vivir nin nada [...] A cabeza non quere iso. Non... eu traballaba moito e vaise para casa morta, morta de traballar. Aquí eu antes, andaba a correr para arranxar papeis e mirar para a xente imos traballar e está ben, moito diñeiro, tranquila. Quero diñeiro moito, para iso non quero diñeiro [ri-

sas]. Traballar de club non importa, traballar almacén si importa, traballar de restaurante tamén. Agora club non, non me gusta para min (Sara).

O traballo na industria do sexo non é valorado polas mulleres que entrevistamos. Preferirían cambiar a súa actividade, pero iso non sempre é posíbel. Por unha banda, son conscientes de que o seu corpo non permanecerá sempre xove toda a vida. No momento en que crucen a trintena empezarán a devalarse e, como consecuencia, terán que cobrar menos se queren seguir vendendo os seus servizos sexuais. Por outra banda, téñense que afrontar a unha vida onde carecen por completo dunha rede social á marxe do traballo. Pero o máis complicado son as carencias de protección legal e a estigmatización social. Por iso, as traballadoras do sexo non consideran a

súa permanencia na industria do sexo como algo definitivo. Pensan que están de paso, ata que lles resulte rentábel ou ata que achen o seu «príncipe azul» ou unha oferta de traballo mellor.

A partir de aí o abano de posibilidades é enorme. Atopamos mulleres que presentan problemas de alcoholismo, o que lles leva a perder o seu atractivo sexual antes de tempo sen poder abandonar a industria do sexo. Outras conseguen atopar un posto con mellores condicións laborais, como camareiras por exemplo. Outras conseguen montar o seu propio negocio. Outras conseguiron atopar marido. E outras, por último, abandonaron o sector da industria do sexo preferindo traballar na limpeza, no servizo doméstico, en restaurantes, en envasadoras ou nos invernadoiros. 6

Servicio de Asesoramento das Mulleres

■ CONCELLERÍA DA MULLER ■

Para a atención específica dos problemas que afectan ás mulleres o Concello de Santiago pon a súa disposición o Servicio de Asesoramento das Mulleres


Para asesorarte nas túas dúbidas e buscar unha solución ós teus problemas familiares, laborais, xurídicos e sociais.

Estamos a túa disposición na **Praza da Constitución s/n.**

■ **Horario de atención ó público**

Tódolos días de 10 a 14 h.

Teléfono: 981 57 14 61



CONCELLO DE SANTIAGO

Concellería da Muller

Programa de Atención á Muller «Vagalume»

 M.ª NATIVIDAD MARCOTEGUI*

O Centro da Muller «Vagalume» comezou a súa andadura no ano 1990 en Santiago de Compostela, no barrio do Pombal. A iniciativa de traballar a prol da muller vinculada aos ambientes máis excluídos da prostitución correu a cargo das Relixiosas Oblatas, que contaron co apoio de Cáritas.

Desde o ano 1990 tratouse de responder de modo profesional e específico ás demandas das mulleres que se prostitúen, contribuíndo ao seu proceso de integración familiar e social coas actividades formativas que con esta finalidade se formularon. A presenza na rúa, a acollida, a atención, o respecto e a ausencia de xuízos moralizantes son

* M.ª Natividad Marcotegui Delgado. Coordinadora do Programa Vagalume.

Programa de Atención á Muller «Vagalume». R/ Loureiros, nº 3, baixo, 15.705 Santiago de Compostela. Tel.: 981 585 515. Fax: 981 586 867. vmuller@teleline.es.

Desde 1999 a presenza de mulleres estranxeiras en situacións e vulnerabilidade social empeza a ser preocupante

A experiencia nestes anos de funcionamento demostranos que moitas das mulleres que pasaron polo Programa o ven como un lugar de referencia afectiva e orientación

algunhas das actitudes que no traballo diario se queren transmitir.

En atención á demanda das mulleres creouse ao mesmo tempo unha aula onde en horario de tarde acudían os nenos e as nenas, fillos e fillas das mulleres participantes no proxecto, para facer as tarefas escolares e para xogar. A atención aos menores reforzou a presenza das nais no Centro da Muller, e foi a fórmula ideal para conciliar a formación propia das nais coa atención aos fillos e ás fillas. No ano 1997 convertíase no Centro de Nenos e Nenas «Vagalume».

Co paso dos anos detéctase una nova necesidade: A falla de recursos específicos para acoller en situacións de emerxencia as mulleres relacionadas co ambiente da prostitución que están atravesando por unhas especiais dificultades, como tal é o caso, cada vez máis frecuente das vítimas de delitos de tráfico de persoas para a explotación sexual, pero tamén o caso das mulleres que deciden deixar de exercer a prostitución e necesitan apoios e unha vivenda. Desde 1999 a presenza de mulleres estranxeiras en situacións de vulnerabilidade social empeza a ser preocupante, e o Programa Vagalume nas ocasións en que se xustifica a necesidade cobre os gastos de aloxamento dalgunha muller. Valorada a necesidade, óptase por desenvolver un novo proxecto integrado no Programa: un piso de acollida. Nace «O Noso Lar» no ano 2000.

Nesta andaina de catorce anos levamos coñecido diferentes caras e modos de prostitución, e dende hai un tempo tócanos estar de preto con mulleres que exercen a

prostitución como unha fonte de ingresos para elas e para as súas familias, estas case sempre residindo en países deprimidos economicamente sen outra opción para a supervivencia que o éxodo das súas mulleres. Isto fainos descubrir que a situación doente que é para a muller a prostitución non é unha actividade totalmente voluntaria, senón unha resposta ante a fame e a falla de expectativas. Valentes son todas as mulleres que afrontan esta situación en soidade, con débedas a prestamistas ou a redes criminais, que sobreviven a unha chea de humillacións, que buscan outras oportunidades...

Para converternos nunha oportunidade real para a muller elaborouse un instrumento teórico no que se recollen as distintas fases da acollida, que permitirán valorar a situación e acompañar a cada unha das mulleres.


O primeiro contacto coa muller pode producirse de maneira directa porque ela acode á sede do Programa Vagalume cunha demanda. Noutros casos o contacto dáse a través de axentes que coñecen o recurso deste programa e cos que se estableceron con anterioridade canles de colaboración. Os axentes cos que a muller ten contacto e forman parte da rede de apoio con nós son: as persoas que forman parte das Forzas e Corpos de Seguridade, dos Servizos Sociais, doutras organizacións non gobernamentais que traballan en temas relacionados coa inmigración e a violencia de xénero, a prostitución, entre outras, como por exemplo Cruz Vermella, Médicos del Mundo, etc.

Se a muller decide formar parte do centro, incorpórase ás acti-

vidades formativas que se desenvolven diariamente.

Acompañarase á muller nas decisións que ela tome, orientando e habilitando tódolos mecanismos e recursos á nosa disposición. No caso das mulleres estranxeiras vítimas de delitos relacionados co tráfico de persoas para a explotación sexual, o artigo 59 da Lei de Estranxeiría recolle a posibilidade de que, cando a muller a través dunha denuncia ou da facilitación de información relevante, as autoridades coas cales colaborou, sufraguen os gastos de retorno ao seu país de orixe, se esta fose a súa vontade. Se a decisión da muller é permanecer no país, xeraranse xunto á muller tódolos posibles planos de acción axustados á súa demanda e realidade, polo tanto se facilitará a aprendizaxe do idioma, se procurará o acceso normalizado á sanidade pública, se dará apoio psicolóxico se é preciso, recibirá información e orientación social e laboral que facilite o seu acceso ao mundo laboral, recibirá apoio en cuestións xurídicas, etc.

O tempo de participación no Programa está en función de cada proceso persoal, das circunstancias de cada muller.

A experiencia nestes anos de funcionamento demostranos que moitas das mulleres que pasaron polo Programa o ven como un lugar de referencia afectiva e orientación. Vagalume tratará de seguir acompañando as mulleres que buscan unha opción de futuro dende a liberdade. 

 RAQUEL MALVÁREZ*

Considero importante comen-
zar este artigo desmitificando moi-
tas das crenzas existentes sobre esta
problemática que tan enraizadas
semellan estar a nivel popular.

Mito 1: O problema da violen-
cia familiar está moi esaxerado.

O número de denuncias por ma-
los tratos representa un 10% do to-
tal de casos reais. Estímase que
dous millóns de mulleres en Espa-
ña son maltratadas.

O maltrato é a causa máis co-
mún de lesións nas mulleres. A vio-

lencia física é a causa do 25% dos
intentos de suicidio realizados por
mulleres. O 20% das consultas de
garda realizadas por mulleres son
o resultado do maltrato físico da
súa parella.

Mito 2: A violencia familiar só
se dá nas clases sociais máis baixas
e nos grupos marxinais.

A violencia familiar prodúcese
en tódalas clases sociais, sen em-
bargo son máis coñecidos os casos
de maltrato que se producen nos
niveis socioculturais máis baixos

dado que son os que con maior fre-
cuencia acoden a Servicios Sociais.
A maior nivel socioeconómico,
maior probabilidade de que reco-
rran a medios privados para resol-
ver a súa situación, polo que non
figuran nas estatísticas dos centros
oficiais.

Mito 3: A violencia familiar é
causada polas drogas.

* Psicóloga. Participante no Pro-
grama «Abrámo-lo Círculo».

Rehabilitación de maltratadores

No 50% das agresións está presente o alcohol. Sen embargo o 62% dos bebedores recoñece actuar de forma violenta tanto estando baixo os efectos do alcohol como en estado de sobriedade.

Mito 4: Os homes que maltratan as súas parellas están enfermos e non son responsábeis das súas accións.

Jacobson e Gottman levaron a cabo unha investigación sobre violencia de xénero ao longo de máis de dez anos e atoparon que non tódolos maltratadores son iguais, podendo clasificarse en dous tipos que correlacionan cos atopados noutras investigacións:

independencia. Moitos presentan un cadro de ciumes patolóxicos.

Unha porcentaxe significativa dos *cobra* presentan un trastorno psiquiátrico ou de personalidade (psicopatía), non así os *pitbull* polo que dende o punto de vista clínico entre o 80-90% dos maltratadores son persoas normais.

Considero que é fundamental para parar a violencia que lles supoña un alto prezo exercela, que experimenten as consecuencias negativas das súas accións. Actualmente o maltrato doméstico é considerado como un delito de faltas, penado con multas e menos frecuentemente con curtas estancias en prisión. Estas medidas penais

colóxico crónico no que se atopan produce unha alteración na súa forma de pensar que as fai sentirse incapaces de buscar axuda, de protexer os seus fillos e a si mesma ou de adoptar medidas axeitadas. Isto non implica que non se deba de contar con elas á hora de elaborar un plano de fuxida porque son as primeiras coñecedoras das súas situacións, dos riscos que pode conllevar esta acción.

Resulta máis doado abandonar a un *pitbull* a curto prazo, pero máis difícil a longo prazo. O perigo normalmente dura ao redor dos dous anos. Os *pitbulls* teñen conciencia e senten remorsos, o que limita a súa capacidade de ser impulsivos e

A violencia familiar prodúcese en tódalas clases sociais [...] A maior nivel socioeconómico, maior probabilidade de que recorran a medios privados para resolver a súa situación, polo que non figuran nas estatísticas dos centros oficiais

Cobras: personalidades criminais. Representan ao redor do 20% dos maltratadores. Recoñéceselles polas súas historias antisociais, pola alta posibilidade de consumir drogas e alcohol e pola severidade do abuso emocional e físico. Son os que con maior frecuencia rematan no sistema xudicial. As súas relacións de parella son medios para conseguir unha gratificación: sexual, estatus social ou beneficios económicos; a maioría dependen economicamente das súas parellas.

Pitbulls: personalidades dependentes. Representan ao redor do 80% dos maltratadores. Xeralmente non son violentos fóra da casa, o que conleva que raramente teñen antecedentes criminais. Son dependentes das súas mulleres, o que máis temen é ser abandonados polo que controlan as súas mulleres ata o punto de ameazar a súa

non demostran ser o suficientemente disuasorias para deter o maltrato.

Persoalmente defendo que o agresor debe cumprir integramente a súa pena e en ningún caso conmutala por tratamento. Ademais, as taxas de éxito nos suxeitos derivados do xulgados e sometidos obrigatoriamente a tratamento son moi baixas dado que non teñen unha verdadeira motivación para que sexa posíbel un cambio substancial no seu comportamento.

Mito 5: As mulleres que continúan nunha relación na que resultan maltratadas deben estar tolas.

As mulleres maltratadas non están tolas, os posíbeis trastornos que manifestan son consecuencia da súa situación de maltrato. Moitas delas desenvolven síntomas depresivos como a apatía, a indefensión e a desesperanza. O malestar psi-

matar. Sen embargo pola súa gran capacidade de minimizar, de negar e distorsionar a realidade, frecuentemente xustifican as súas accións de maneira que non senten remorsos. Xeralmente paran de acosar a muller cando esta exerce os dereitos de maneira consistente e con determinación, mostrándolle que non lle ten medo; entón quedalles claro que ela non vai voltar. Algúns deciden matala neste momento.

Abandonar un *cobra* resulta moi difícil porque inspiran moito medo, as súas parella saben que golpean de xeito metódico e sen remordementos. Sen embargo o período de perigo é máis curto para os *cobras* dado que ao non crear vínculos significativos raramente as perseguen.

Outro factor a ter en conta son as razóns sociais, económicas, culturais, relixiosas, legais que dificultan e, en moitas ocasións, impiden ás mulleres romper a relación.

Os estudos sinalan que ao redor do 62% das mulleres non abandonan por razóns económicas. Considero un obxectivo fundamental proporcionarlles a axuda necesaria para que poidan adquirir a súa independencia económica.

A pesar de todo isto non é certo que aguanten. O índice de divorcios na poboación xeral oscila entre o 2-5% nos dous primeiros anos e nas parellas onde hai maltrato alcanza o 38%.

Na Conferencia de persoas expertas sobre *Medidas para combater a violencia dos homes contra as mulleres*, celebrada en Viena en 1998; na Conferencia ministerial sobre *Violencia contra as Mulleres*, cele-

brada en Colonia en 1999; e na Conferencia sobre *Violencia contra as Mulleres* celebrada en Finlandia en 1999, recálcase a necesidade de desenvolver programas de tratamento encamiñados á rehabilitación dos agresores.

comportamento que presenciaron ou padeceron coas súas futuras parellas. O tratamento dos agresores axuda a romper a cadea da violencia.

En Galicia seguindo as directrices da Unión Europea púxose en marcha o Programa «Abrámo-lo Círculo»¹ cos seguintes obxectivos:

- ▶ Asegurar o benestar psicolóxico e físico das mulleres vítimas de maltrato, decidan ou non seguir a convivencia co agresor.
- ▶ Previr posteriores situacións de maltrato e impedir a extensión do maltrato as/os fillas/os.
- ▶ Dotar os maltratadores de habilidades persoais para facer fronte as súas frustracións e re-



Os estudos sinalan que ao redor do 62% das mulleres non abandonan [a relación] por razóns económicas

brada en Colonia en 1999; e na Conferencia sobre *Violencia contra as Mulleres* celebrada en Finlandia en 1999, recálcase a necesidade de desenvolver programas de tratamento encamiñados á rehabilitación dos agresores.

As medidas penais resultan ineficaces para deter a violencia. O abandono da muller da súa relación non garante librarse do seu maltratador; o home non cambia por si só, mantendo o seu comportamento coas sucesivas parellas sen esquencer que hai mulleres que non desexan separarse do seu agresor aínda despois de estar elas mesmas a tratamento psicolóxico pola sintomatoloxía desencadeada polos malos tratos.

Unha área fundamental a tratar son os patróns de pensamento distorsionados, ensinándolle ao suxeito a examinalos, interrompilos, desafialos e redefínalos. Na base atopamos un sistema de crenzas que xustifica a violencia, destacando as seguintes.

1. Moitos agresores pensan que é non só o seu dereito senón o seu deber golpear fisicamente as súas parellas.

2. Outros entenden que é lexítimo se son provocados. A estes non lles gusta golpear e se o fixeron foi porque querían que:

(a) se lles escoitase ou obedecese;

(b) coidasen mellor dos seus fillos;

(c) deixasen de berrarlles ou molestarlles;

(d) deixasen de responderlles.

3. O agresor non se ve responsable da súa violencia; provocárono e, polo tanto, xustifica o que fixo.

Non se sente responsable. O cambio actitudinal máis importante prodúcese cando acepta a súa responsabilidade.

¹ «Abrámo-lo Círculo» é un programa de rehabilitación de homes que maltratan que, desde o ano 2001, puxo en funcionamento o Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia en colaboración co Servicio Galego de Igualdade.

O cambio dos pensamentos erróneos xunto coa relaxación é a técnica que os estudos identifican como a que mellor funciona na redución da violencia. Moitos homes violentos non son conscientes dos seus propios niveis de tensión, da cantidade de estrés que experimentan. Relaxarse é tamén unha forma de tomar conciencia dos propios estados emocionais. A introspección é unha habilidade da que estas persoas carecen.

É fundamental entrenar o suxeito en asertividade. A asertividade é incompatíbel coa agresión, constituíndo unha das habilidades que deben ser aprendidas para resolver os conflitos pacificamente. Ensínaselle ao suxeito a comunicarse, a negociar dende a premisa de que as relacións de parella non están baseadas no control e o poder senón dende a igualdade e o respecto.

Axudarase ao suxeito a tomar conciencia da relación existente entre a violencia cara as mulleres e a educación recibida para promover a flexibilización dos roles de xénero estereotipados.

Paralelamente traballaranse os trastornos que presente asociados coa problemática da violencia: adicións, ciumes patolóxicos...

Os principais programas de rehabilitación de maltratadores existentes a nivel mundial teñen o núcleo fundamental de intervención común. A súa posta en práctica é moi recente, poucos son os que teñen máis de dez anos. Unha parte fundamental dos esforzos de diferentes grupos de terapeutas é a investigación. Sen embargo, a pe-

ANO NO QUE DEBUTAN OS CASOS				
	2001	2002	2003	TOTAIS
Nº de casos admitidos ó programa	5	21	33	59
Inician intervención	5	19	30	54
Altas	4	9	4	17
Abandonos	1	7	5	13
Nº de casos con intervención en activo a 31-12-2003.	0	3	21	24

sar de que considero que é básico o estudio dos suxeitos e das técnicas de intervención para lograr unha maior eficacia, un afán exacerbado pola investigación conleva pasar varios elementos de avaliación que supón unha perda de suxeitos á hora da adhesión ao tratamento, chegando ata cerca do 50%. Persoalmente defendo que para a inclusión dun suxeito a un programa de tratamento non debe facerse ningunha avaliación previa senón ao longo das sesións para así reducir a taxa de abandonos prematuros.

Son moitos os suxeitos que acceden a tratamento por razóns distintas a querer modificar o seu comportamento, como por exemplo para intentar que a súa parella non o abandone; o non haber unha motivación real é imprescindible, ao meu parecer, unha actuación rápida aproveitando a disposición do suxeito para lograr un enganche co tratamento e axudalo a tomar conciencia do seu problema.

Diversas fontes defenden que o contexto de intervención debe ser o grupal. A miña experiencia na rehabilitación de violentos foi a nivel grupal e individual, e se ben

considero que o grupo favorece a aprendizaxe dos comportamentos alternativos á violencia defendo que o primeiro nivel de intervención sexa individual, dado que é cando corresponde identificar os seus indicadores de violencia e aprender a contelos. O traballo en grupo nesta fase ralentiza a elaboración do plano de control da violencia, polo que a parella está máis tempo en risco de ser agredida de novo. A nivel individual pódese acadar a finalización da agresión física e a firma do contrato de non violencia nunha única sesión.

Os datos do cuadro son os relativos aos suxeitos atendidos no programa «Abrámo-lo Círculo». Sinalar que nos abandonos están incluídos os suxeitos que a pesar de non concluír o tratamento deixaron de exercer a violencia. En Galicia non facemos criba previa, é dicir, tódolos suxeitos que solicitan tratamento entran dentro do programa polo que o índice de éxito é alto ao non deixar fóra os suxeitos que noutros programas abandonan na avaliación previa. O éxito da rehabilitación é máis patente se o comparamos coa rehabilita-

En Galicia seguindo as directrices da Unión Europea púxose en marcha o Programa «Abrámo-lo Círculo»

ción de toxicómanos onde a cifra de éxito ronda o 20% no primeiro intento.

Actualmente somos moitas/os terapeutas que avogamos por unha liña de tratamento que se centre máis en profundidade na área afectiva. A asertividade implica a empatía (a capacidade de poñerse no lugar da outra persoa) que conleva o fin da violencia ao tomar conciencia do dano que produce a nivel físico, psicolóxico e emocional.

Cos *cobras* raramente se logran resultados; debido a que algúns deles son psicópatas, incapaces de experimentar emocións como a tristeza, e raramente o medo, menos no caso que intúan que lles pode ocorrer algo malo a eles.

Sen embargo, os *pitbulls* caracterízanse por ser emocionalmente dependentes das súas parellas e pola súa incapacidade para identificar e expresar sentimentos, tanto positivos como negativos. Nestes suxeitos a falla de comunicación emocional ten como consecuencia un progresivo illamento social, de tal forma que a parella é a única fonte de apoio, cariño, intimidade e comprensión; derivando no 70% dos casos nun cadro de ciúmes irracionais no que se amparan para exercer o control das súas parellas.

Na orixe desta problemática atópanse moitos factores susceptíbeis de intervención polo que é necesario levar a cabo políticas de prevención que se deben facer nos tres niveis:

De prevención primaria: que ten por obxectivo reducir a probabilidade de aparición do problema.

De prevención secundaria: que conleva reducir o número de casos existentes, mediante unha identificación precoz do problema e unha intervención rápida e eficaz.

De prevención terciaria: coa finalidade de reducir os efectos ou as secuelas do problema. Os programas de rehabilitación encádranse aquí.

Persoalmente considero que as seguintes medidas preventivas son básicas e imprescindíbeis:

- ▶ Facer consciente á poboación da existencia da violencia familiar, entendida como un problema social. Unha das alternativas é utilizar os medios de comunicación para informar e desmitificar.
- ▶ Eliminar os mitos e estereotipos culturais que serven para perpetuar a violencia.
- ▶ Proporcionar modelos alternativos de funcionamento relacional máis democráticos e menos autoritarios.
- ▶ Alentar a existencia dunha lexislación axeitada e específica para o problema da violencia familiar.
- ▶ Apostar polos programas de tratamento e recuperación para as vítimas e para os perpetradores da violencia intrafamiliar.
- ▶ Proponer modificacións na estrutura e nos contidos do sistema educativo que permita flexibilizar os estereotipos culturais relativos ao xénero e que, á vez, inclúa no currículo da educación formal a aprendizaxe de métodos non violentos para a reso-

lución dos conflitos interpersoais.

▶ Crear programas de capacitación para profesionais, educadores e outros sectores involucrados para que poidan dar unha resposta axeitada a esta problemática.

Para rematar só engadir que a maior parte das vítimas de maltrato afirman que é moi importante, para a súa recuperación, saber que o seu agresor se está a tratar. É unha grande axuda para as persoas que realizamos intervencións neste campo, saber que son as propias mulleres as que xustifican e dan sentido ao noso traballo. ☞

LAURA GÓMEZ

Viaxeí a Exipto como turista en agosto do ano pasado, o que significa non comprender case nada respecto da vida da xente, e menos aínda nun país árabe. Tiven a sorte de poder volver en marzo deste ano, coñecendo O Cairo e Alexandría, dunha maneira moi distinta, acompañada por unha persoa exipcia. E tiveron a oportunidade de acceder e poder comunicarme cunha muller feminista nunha sociedade tan complexa.

Facer esta entrevista representou para min unha gratísima experiencia e foi posíbel pola axuda dalgunhas persoas. Quero agradecer a Pilar Saavedra a viaxe compartida, o apoio constante da súa sutil presenza; a Elisabeth Anglarill (autora de *El Cairo en los zapatos*), a súa amabilidade e xenerosidade ao proporcionarme o contacto dalgunhas mulleres exipcias, entre elas

Farida al-Nakash; a Ahmed Kabel, as moitas atencións recibidas, entre elas a de facer de intérprete entre Farida e mais eu; e por suposto, á propia Farida, o seu tempo, a súa confianza, a súa afectividade. A todas elas e a el, a miña gratitude polas vivencias, e por facerme sentir unha persoa afortunada.



Farida al-Nakash

Acudimos puntualmente unha mañá soleada e aínda fresca á cita que o meu anfitrión e improvisado intérprete Ahmed Kabel tiña acordado a petición miña con Farida al-Nakash, na sede do partido de coalición de esquerda na oposición, Tagamu. O edificio enteiro alberga as distintas dependencias do partido, entre elas os locais onde editan un xornal do mesmo nome. De Farida tiña lido no libro de Elisabeth Anglarill *El Cairo en los zapatos*, que é escritora e columnista, membro do comité político de Tagamu, e dunha organización feminista chamada Asemblea Nacionalista e Unionista polo Progreso.

Subimos ao primeiro andar e atravesamos un recibidor onde hai moita xente sentada agardando. Un mozo fainos pasar a unha ampla sala que está en reformas. Axiña chega Farida, desculpándose polo estado da estanza. Saúdanos tendendo a man. Tras as presentacións, pregunta que queremos tomar, aceptamos a súa hospitalidade na forma dun té con menta.

mento tan alto da xente ante a invasión do Goberno Aznar a Iraq, do noso rexeitamento da longa ocupación e destrución de Palestina.

Conversamos tamén sobre o Premio Internacional Catalunya outorgado o ano pasado á feminista exipcia Nawal al-Saadawi, amiga súa, pola defensa dos dereitos sociais e das mulleres, en particular, no mundo árabe.

Comenta que está segura de que ao rematar a entrevista nosoutras seremos amigas.

A. Vostede é unha muller que traballa nun partido político de esquerda, Tagamu, ¿como definiría as liñas ideolóxicas deste partido?

FAN. É un partido democrático que ten como filosofía a unidade do mundo árabe, algo que podemos conseguir polo contacto coa xente. Parte desta filosofía é a xeneralización da democracia, un proceso que considero que podemos acadar de



Farida al-Nakash e Ahmed Kabel

Traballar na cuestión relixiosa é moi importante para a causa das mulleres. Todas as consideracións sobre a inferioridade das mulleres con respecto aos homes xorde das relixións

Expresa no seu propio nome, no nome do partido e no de todas as persoas coas que falou disto, a súa profunda tristura polo atentado de Madrid [ocorrido dez días antes deste encontro] esfórzase en que teñamos en conta que son unha parte moi pequena de musulmáns e que a súa ideoloxía e as súas actuacións son rexeitadas por unha gran parte da poboación nas diferentes comunidades árabes. Falamos de como foi entendido polas xentes do estado español, da especial atención ante posíbeis brotes de racismo, do rexeita-

xeito paulatino. Abrangue tres grandes forzas: a democrática, e as relixiosas (copta e musulmana). Traballar na cuestión relixiosa é moi importante para a causa das mulleres. Todas as consideracións sobre a inferioridade das mulleres con respecto aos homes xorde das relixións. A partir dun estudo sobre a consideración das mulleres en todas as relixións puxémonos a traballar para cambiar a situación da muller en todas elas. Para o partido a igualdade entre o home e a muller, non

só no aspecto formal, senón na vida cotiá é moi importante. Inicialmente no partido había opinións diferentes ao respecto, mais agora é unha posición unánime.

En Exipto non podemos facer aínda o traballo que pretendemos, porque o Goberno non é democrático, por isto o partido buscou a maneira de traballar coas mulleres ao tempo que vai demandando máis parcelas de liberdade ao Goberno. As eleccións neste país son moi complexas, poden falsear os resultados tranquilamente. Xa o teñen feito, con diñeiro e coa entrada da policía nos lugares habilitados para votar, o cal intimida á xente. Hoxe mesmo a policía está por todas partes na rúa [dous días antes de facer esta entrevista era asasinado o *cheij* palestino de Hamas Ahmed Yassin], porque o Goberno ten medo das manifestacións da xente.

Temos ademais unha lexislación que permite escoller como presidente o candidato dun partido só cun 30% do Parlamento a favor. O resto non pode facer moito para cambiar o presidente, por iso hai tamén un grande abstencionismo, porque a xente ten a idea de que nada vai cambiar e porque sabe que os resultados se falsean [Ahmed corrobora isto, di que el ten 44 anos e nunca foi votar]. Na lexislación exipcia existía unha lei que prohibía que o presidente do Goberno se presentara novamente como candidato despois de dous mandatos, que son de seis anos cada un. Sadat cambiou esta lei e Mubarak vai camiño do seu quinto mandato. Non hai posibilidade de facer outra cousa. Xa mesmo se fala de que Mubarak quere que seu fillo se presente, como se fose un rei, ten un poder ilimitado. Así que este sistema incorrecto e inxusto favorece este estado de cousas.

Como non hai democracia, as ideas da xente están tamén moi bloqueadas, por iso medra o sistema islámico político e tamén os grupos islámicos armados.

A clase media en Exipto non existe practicamente. Hai moitos estratos diferentes na sociedade e moito individualismo. Soben continuamente os prezos, porque a libra exipcia está moi deprezada. O partido quere que a libra exipcia teña equivalencias monetarias con outras moitas moedas e non só respecto do dólar. Temos desenvolvido un programa completo sobre como cambiar economicamente o país. Desde 1991 o Goberno segue todas as indicacións do Banco Mundial, por iso baixa tanto a libra exipcia. Iso é o que pasa en todos os países de África e Asia que seguen as prescricións do Fondo Monetario Inter-



Farida, Laura e Ahmed

nacional e do Banco Mundial e tamén o que pasou en moitos países de América Latina, como é o recente caso de Arxentina.

Tagamu é o único partido en Exipto que ofrece espazos ás mulleres. Hai oito áreas no partido nas que as mulleres poden traballar; ten relacións no ámbito internacional, non só co mundo árabe, senón con todo o mundo. Non estamos só a falar sobre os dereitos das mulleres e a igualdade real, tratamos moitos aspectos da vida das mulleres desde un punto de vista político.

A. ¿A que organización feminista pertence vostede e que tipo de traballo fan?

FAN. O movemento de mulleres parte en Exipto de finais do século XIX, desde 1879; desde esta data hai unha conexión participativa das mulleres na sociedade e no cambio social. Este compromiso aínda existe por parte das mulleres, hai orga-



nizacións que teñen unha forte conexión con asociacións de dereitos humanos.

Estou ao fronte dunha asociación chamada Unión de Mulleres Progresistas. Esta organización entende que para cambiar a vida das mulleres precisa de tres cousas moi importantes: un cambio legislativo, porque a muller queda aínda moi discriminada na lei da nacionalidade, na lei do traballo, na lei do matrimonio...; un cambio respecto das liberdades democráticas, cuxa ausencia supón problemas para a toda a poboación, pero, como en todo, para as mulleres de forma máis acusada; e o cambio social, porque en quen máis repercuten as situacións de pobreza é tamén nas mulleres.

Traballamos con moitas organizacións, como un paraugas, e facemos moita incidencia nos aspectos públicos, tratamos de facerlle entender á xente que non se trata dunha loita de mulleres contra homes, senón contra un sistema político e

Tagamu é o único partido en Exipto que ofrece espazos ás mulleres. Hai oito áreas no partido nas que as mulleres poden traballar...

social que segue sempre ao patriarcado e precisa dun cambio profundo. Porque para que ese cambio sexa posíbel, precisamos que as mulleres saiban identificar en qué consiste esta loita.

Traballamos desde a base, coas mulleres máis pobres. Hai cinco anos, houbo un conflito entre os campesiños arrendatarios e os propietarios da terra, que botaron os campesiños fóra das súas propiedades. O 30% destes campesiños eran xente moi pobre, e a meirande parte, mulleres. A nosa organización fixo un documental no que se recolle ás mulleres saíndo dos campos. Filmamos en seis provincias diferentes. As propias mulleres directamente afectadas sacaron algunhas leccións deste importante problema conseguindo cambiar a lei e solucionar os problemas puntuais da xente labrega en xeral en todo o país, aínda que a situación da xente labrega arrendataria segue a ser moi difícil.

Tamén editamos un libro sobre a situación das operarias nas fábricas téxtiles. Porque é neste sector onde xa hai moito tempo que traballan mulleres, desde o século XIX. Mais cando hai problemas de reconversión de emprego, a xente traballadora que botan primeiro son sempre ás mulleres. Estas operarias foron botadas dun traballo organizado, cun horario e un salario estipulados e víronse traballando a destallo, moitas veces na rúa, sen saber cantas horas ían traballar nin cal o salario ou o beneficio que ían obter. Así que o empeoramento do seu estatus laboral, a inseguridade e a redución do nivel de ingresos é evidente para elas. Cando estas mulleres están na rúa é moi fácil captalas para o Islam político, con ideas como que o seu lugar está na casa, supeditada ao seu home, etc., porque neste momento en que se atopan inseguras e perdidas alguén lles está a dicir cal é o seu lugar, non teñen máis saída, non teñen outras opcións. Por iso dende hai cinco anos poden verse moitas máis mulleres na rúa usando o veo. Inmersas no paro, na pobreza, facendo un traballo que non era o seu e co que non se senten gratificadas, non poden ter unha voz significativa nos partidos, nas escolas, nas institucións...

**Inmersas no paro, na pobreza,
facendo un traballo que non era
o seu e co que non se senten
gratificadas, non poden ter unha
voz significativa nos partidos, nas
escolas, nas institucións...**

O Islam político non só intervén nas mesquitas ou nas escolas, senón, claro está, nas determinacións políticas do país. Os problemas das mulleres non son só problemas para as mulleres, posto que son os nosos problemas son tamén os da sociedade exipcia en xeral. Venme agora á memoria que na revolución de 1919 as mulleres exipcias sacaron o veo como mostra da súa repulsa da colonización inglesa no país, manifestándose polas rúas; foron unhas manifestacións nas que mataron a moitas mulleres.

Tamén hai un problema moi grande derivado da riqueza do petróleo nalgúns países árabes, especialmente en Arabia Saudita, principal exportador da ideoloxía da inferioridade da muller. O empobrecemento progresivo da poboación exipcia supuxo unha migración importante cara a Arabia Saudita, de onde os exipcios retornan con esta ideoloxía que alí é a norma do país.

Os dous principais inimigos das mulleres son o Islam político e a pobreza. Sempre no centro deste estado de cousas están as mulleres.

No caso de Palestina, debido ao conflito con Israel, o pobo palestino quedou illado; dado que alí as ideas do Islam político son a tendencia maioritaria non hai outros enfoques ideolóxicos e prácticos que contrasten, e dada a atención mediática sobre o conflito, o que internacionalmente se ve é que a política en Palestina é tamén a política dos países árabes. É un problema que abrangue aspectos económicos, relixiosos, xunto coa situación derivada do imperialismo norteamericano.

A. ¿En que se diferencia o traballo que vostede facía antes en Tagamu do traballo que agora fai nesta organización de mulleres?

FAN. No partido era responsable de asuntos árabes, mais o traballo coas mulleres foi escollido, voluntario, e sempre penso que entrei moi tarde. Hai vinte anos eu pensaba que se se producían cambios políticos e sociais, os cambios nas condicións de vida das mulleres ían chegar moi rapidamente. Mais agora estou convencida de que estes

cambios serían moi lentos ou non chegarían de maneira inmediata vencellados aos cambios políticos, precisan dun traballo específico. E, ao longo deste tempo, descubrín algo moi importante, que somos as propias mulleres quen temos que traballar a favor dese cambio, contrastando ideas e discutindo liñas de actuación para podermos operar unha mudanza no plano político-social.

A. ¿Como percibe que é recibido polas mulleres da rúa o discurso de igualdade entre mulleres e homes defendido por vostede?

FAN. Eu vexo que dentro das mulleres mesmas hai aspectos adormecidos; elas sempre son as segundas, sempre se desviven polo home, polos fillos; esta é a muller ideal, a muller que respecta moito ao esposo.

Hai dez anos que loitamos por cambiar a lei da nacionalidade, segundo a cal se unha exipcia casa cun estranxeiro non pode dar a nacionalidade exipcia aos seus fillos e tamén para que as exipcias poidan viaxar sen o permiso do seu home, e o seu dereito a pedir elas o divorcio –menos mal que esto xa se conseguiu no ano 2002–.

Hai tradicións que fan moi difícil o cambio, mais é un cambio posíbel. Case todos os que nos anos setenta negaban a posibilidade de traballo para as mulleres, agora piden que se nos dea, porque sempre que hai evolución na sociedade, repercute dalgunha maneira no desenvolvemento das mulleres, pero isto é moi recente. Desde o principio do patriarcado este outorga un papel moi predominante aos homes e non é fácil que o solten agora [risas].

A. Supoño que unha das primeiras cousas que pediron desde a Unión de Mulleres Progresistas é a integridade física das nenas e das mulleres, é dicir, que non sexan sometidas á mutilación xenital.

FAN. ¡Claro! isto é unha das cousas máis importantes para nosoutras e pola que loitamos desde hai moito tempo. Chegamos ata o ministro de saúde e promulgouse unha lei específica que prohibe a mutilación xenital feminina en todas as escolas, en todas as clínicas, para todos os médicos.

A. Está prohibido..., pero segue facéndose, ¡hai un 97% de casos de mutilación xenital feminina! en Exipto na actualidade.

FAN. Segundo a información do ministro de saúde é do 70% e esta porcentaxe está baixando.

A. Con todo, o 70% é unha cifra altísima, mais ¿fíase vostede de informacións oficiais como esta?, porque non é o que din ningunha das fontes que teño consultado.

FAN. Un grupo de mulleres acudiu hai cinco anos a un pobo de xente labrega do alto Exipto [sur do país] e fixeron un acto público de información; faláron co alcalde, cos profesores e chegaron a un índice do 90% na erradicación da práctica da mutilación xenital feminina, xa que a poboación tivo máis confianza neste grupo de mulleres ca no propio Goberno. Este foi un exemplo moi forte e que está estendéndose.

Mais, aínda que o *cheij*¹ de Al-Azhar² declarou publicamente mil veces que esta práctica non ten nada que ver co islamismo,³ hai outros de moito menor rango que de xeito cotián lle din á xente que si, que é unha práctica propia da relixión musulmana e polo tanto para ser xente que viva de acordo cos preceptos da relixión... Forma parte das luxas ideas do Islam político para controlar a sexualidade das mulleres e degradármolos.

Pero o Goberno, o ministro de saúde e a Sra. Mubarak están totalmente en contra desta práctica. Estou convencida de que mesmo no alto Exipto [a zona máis desfavorecida do país], co desenvolvemento político, económico e cultural, coa influencia da xente máis moderna, é unha práctica que podería verse case erradicada en cada lugar en menos de cinco anos.

A. ¿As mozas exipcias comezan a falar doutros dereitos das mulleres que teñen que ver coas liberdades individuais, máis que coas súas liberdades dentro da familia, aínda que estean relacionadas, claro está, co código da familia, refírome en concreto ao seu dereito a non casar, ao seu dereito a non ter fillos se elas non queren, ao seu dereito a manter relacións sexuais antes do matrimonio ou libremente, e/ou con persoas do mesmo sexo?

[Ahmed repite en broma, finxindo estar estrañado, «¿as mozas...?», como se non comprendese ben a miña pregunta, como querendo dicirme que nin sequera os mozos falan destas cousas; por outra banda, sei que falar de sexualidade en público resulta algo difícil para a clase media exipcia, aínda que sexa nun contexto formal como este, ademais é o único home entre tres mulleres. Pasa unha man pola súa fronte con xesto de asumir un esforzo, e Farida comprende que é unha pregunta que a el lle dá certa vergoña formular, as tres rimos a gargalladas]

FAN. Algunhas mozas de nivel social moi alto, comezan a falar timidamente con súa nai, co seu pai, dalgunha destas cuestións. Mais en realidade serían casos tan pouco representativos que podemos dicir que en Exipto non, aínda non.

Claro que existen relacións lesbianas e relacións gais, mais aínda non poden falar disto nas súas casas, sobre isto hai un silencio absoluto. Lembro o caso das detencións de 54 homes gais, no ano 2001, nunha redada feita nunha discoteca flotante, o barco *Queen Boat*. Leváronos detidos e retivéronos varios días presos e procesáronos, pese a que os tiveron que soltar porque non había nada ilegal que imputarlles. Loxicamente incidentes como este non favorecen un maior ámbito de liberdade.

A. ¿Cales son as tendencias da loita polo real desenvolvemento das mulleres no Exipto actual, as tendencias que vostede considera feministas –porque o Islam político tamén ten figuras femininas que din traballar a prol das mulleres–?

FAN. Temos unha altísima taxa de paro nas mulleres, e as mulleres non reciben o mesmo salario que os homes nin en situación activa laboral nin en situación de paro. Por iso en principio é preciso reducir este problema de pobreza, para empezar a falar de calquera outra cousa. As leis, as relacións dentro da familia teñen que cambiar e tamén a liberdade persoal.

Despídeme cunha aperta, quere manter o contacto e eu prométole volver a Exipto así que pasen os quince anos que ela di que precisan para ver un cambio fondo na vida das mulleres. Ahmed comenta «¿¿vas tardar tanto tempo?!», e Farida engade «o noso próximo encontro, cando veñas, quero que sexa na miña casa, e que coñezas a miña familia, as miñas fillas e fillos, as miñas netas...». ❏

¹ Líder espiritual, xeque ou imán.

² Institución recoñecida secularmente como autoridade en asuntos islámicos. Esta non só é un gran centro de formación en fundamentos relixiosos, unha especie de facultade, senón tamén un órgano consultivo de xurisprudencia. Hoxe en día conta coa competencia de moitos outros grupos relixiosos, islamistas, grupos sociais e predicadores de garabata que falan en dialecto exipcio para conectar coa xente. Con todo, controla 100.000 das 130.000 mesquitas existentes en Exipto na actualidade (datos tirados de ANGLARILL, Elisabeth: *El Cairo en los zapatos: Retrato de una sociedad en el país del Nilo*, Barcelona, Flor del Viento, 2003).

³ Proba disto é que tamén se practica a mutilación xenital feminina nas comunidades exipcias coptas.

Edel



unha galega en Francia

 LORENA TENREIRO BLANCO

Era o ano 1966, tiña 24 anos e facía tan só quince días que casara cando Edelmira abandonou o pequeno pobo de As Pontes (A Coruña) para marchar a Francia. Comezaba unha nova vida.

Os principios son difíciles e o de Edelmira no país veciño non foi distinto; á nova situación civil había que engadir o cambio dun pobo por unha cidade, unha casa que non era a súa, unha cultura, un idioma descoñecido, a ausencia dos seus familiares e amigos. O único vínculo con Francia era o seu marido.

Marchamos a vivir a Lauterburg, unha pequena cidade fronteiriza con Alemaña. O meu marido levaba tres anos vivindo alí, tiña un bo posto de traballo, coñecía a cidade, desenvólviase bastante ben co idioma e tiña moitos amigos. Para min todo era novo, era a primeira vez que saía da casa dos meus pais, do meu pobo, algo máis que unhas horas e encima casada.

Ao chegar a Francia instaláronse nun barrio de obreiros que pertencía á empresa na que traballaba o

seu marido, Marcial. Edel, durante uns meses compartiu casa con Paula e Isacc, un matrimonio de Castela, amigos do seu marido á espera de que a empresa lles concedese unha vivenda.

Durante os catro primeiros meses ela adicouse exclusivamente a realizar as tarefas do fogar, facía a compra defendéndose como podía co idioma, limpaba, cociñaba...

Despois Paula, a muller do compañeiro de traballo de Marcial e a miña anfitroia en Francia, propuxome a posibilidade de traballar nunha fábrica téxtil cosendo pantalóns... Eu cando estaba solteira traballara no meu pobo nun taller de costura, así que aceptei, tiña experiencia, o traballo era bo e os cartos non viñan mal.

Estivo traballando durante case un ano, erguíase cedo, ás sete collía un autobús que a levaba ata a fronteira, a fábrica estaba en Alemaña, despois camiñando chegaba ata o traballo. A xornada laboral prolongábase desde as nove ata as dúas da tarde, xantaba alí

xunto coas súas compañeiras, despois regresaba a Lauterburg e arranxaba todo na casa para o día seguinte. Así pasaban as semanas.

Nós non eramos os típicos emigrantes, nós non fomos a Francia para amasar unha fortuna, emigramos porque en España Marcial non atopaba un bo traballo. En Lauterburg viviamos como calquera francés, non nos privabamos de nada, non pasabamos penurias para aforrar uns poucos pesos e enviárllelos ás nosas familias, aforrabamos para disfrutar dun mes de vacacións en España. A nosa vida estaba nese país e viviamos do mellor xeito posible.

Edelmira e o seu marido tiñan un coche propio, un Volkswagen, todo un luxo para uns emigrantes e isto permitíalles facer pequenas escapadas e coñecer mellor a zona na que vivían. As fins de semana, en compañía de Paula e Isacc saían a coñecer o país ou aproveitaban o descanso para ir ao fútbol ou facer pequenas reunións de amigos.

Divertíamonos moito, o mellor de Francia eran as festas que preparabamos, a xoldra, as conversacións cos veciños, as navidades falando dos nosos pobos, dos costumes... gardo moi bo recordo daquelas reunións

Edel quedou embarazada ao ano de chegar a Francia e cando naceu Jeannette deixou de coser para adicarse por completo ao coidado da súa primeira filla.


Cando a cativa tiña dous anos decidimos regresar a Galicia, a min non me gustaba aquilo. Imaxina, recén casada, sen coñecer máis mundo que o pobo, a familia lonxe e visitándoos só unha vez ó ano, en agosto... aquilo non estaba feito para min. Tiña moi bos amigos, é certo. Paula e Isaac foron a miña familia en Francia, pasaron xa 37 anos daquilo e aínda nos vemos e falamos con frecuencia por teléfono, pero a min faltábanme os meus.

Voltaron a Galicia, Marcial non atopaba ningún traballo que lle gustase, tampouco ningún cunhas boas condicións, así que regresou a Francia el só. Edelmira e a nena quedaron en Galicia, Patricia estaba en camiño. Acordaron que en setembro, despois das vacacións marcharían os catro.

Instalámonos novamente nun barrio obreiro, pero esta vez fomos a Estrasburgo e estivemos alí dous anos. Marcial traballaba como soldador e eu adicábame ao coidado das nenas e da casa. A miña vida en Francia non era diferente á de calquera ama de casa en calquera parte do mundo.

Foi Edelmira a que propuxo regresar a España, seguía añorando aos seus, non se acostumaba ao ritmo de vida, nin os costumes, nin o clima, nin á xente, non aprendera ben o idioma só o necesario para defenderse, o matrimonio que tanto os axudara nos inicios regresara había algún tempo a España. Cada vez eran maiores os desexos de voltar á súa terra.

En agosto de 1972 a familia regresa a España pero aínda non o fan de xeito definitivo. Edelmira e Marcial marchan a Francia en setembro deixando as súas fillas nas casas dos seus avós. Regresan para traballar uns meses máis e gañar algúns cartos para non ter que empezar de cero cando se instalen de novo no seu país. El segue traballando como soldador e Edelmira volta a traballar nunha fábrica téxtil. En maio de 1973, finalmente a familia xúntase.

Cando cheguei a España, fómomos a vivir a Neda, alí, coa miña cuñada abrín unha tenda de ultramarinos, tivena case un ano, despois Endesa instalouse nas Pontes, o meu pobo, Marcial conseguiu un posto de traballo e eu por fin regresaba as miñas orixes, á miña casa. Son xa vintanove os anos que levo aquí. 

Monster

Cine

Título orixinal: *Monster*

Director: Patty Jenkins

Actores: Charliza Theron,
Christina Ricci e Bruce Dern

Guión: Patty Jenkins

Productor: Mark Damon

ANA ARELLANO

Resulta difícil saír impasíbel despois de ver esta película, impresiona a miserenta vida desta muller que sobrevive entre a escoria da sociedade. Baseada na historia real de Aileen Wuornos, o primeiro caso coñecido en USA dunha muller asasinada en serie, que foi executada no outono de 2002 no estado de Florida. A crónica vital desta digna representante do que os americanos chaman «white trash» (lixo branco)

sumida polas drogas, sen máis amigos que un vello alcohólico.

Desesperada e ao borde do suicidio, Wuornos entra nun bar de Florida, onde coñece a Selby Wall, unha xove enviada a vivir cunha tía polos seus pais para «curar a súa homosexualidade». Wuornos, vítima dunha trágica infancia chea de abusos, namórase dela rapidamente, aferrándose a Selby como se dun salvavidas se tratase. Inca-

defensa propia; será o primeiro dunha trágica serie de asasinatos, sen ver unha saída para a súa vida, entra nunha espiral de violencia empurrada pola súa compañeira, o rostro inocente da actriz Christina Ricci para encarnar a perversidade, unha imaxe de *chulo* atípica, a debilidade do seu aspecto agacha a dureza máis fría, que non dubida en testemuñar no xuízo contra Aileen Wuornos, quen de formas e



é interpretada por Charliza Theron, gañadora do óscar á mellor actriz por este papel, desfigurada pola maquillaxe ata facerse irreconocíbel para dar a imaxe de dureza e violencia dunha prostituta de rúa, con-

paz de achar un traballo normal, pero desesperada por manter a súa relación con Selby, Wuornos segue a traballar como prostituta. Cando un dos seus clientes se volve violento, Wuornos dispáralle en

aspecto agresivo resulta, esta si, digna de compaixón.

Unha boa película para reflexionar sobre os *roles* e as apariencias, as debilidades e as fortalezas do mundo da prostitución. 6

Boletín
de subscripción



andaina

Revista Galega de Pensamento Feminista

Nome

Apelidos

Enderezo

Localidade Código Postal

Desexo subscribirme á Revista Andaina

a partir do nº

Prezo: *Tarifa normal* 13,5 € ano

Tarifa de apoio 16 € ano

Envío talón. Pago en efectivo

Transferencia bancária á cta. de Andaina (Caixa Galicia CCC:
2091-0377-74-3040003301)

Domiciliación bancaria (cubrir os datos adxuntos e enviar a:
Revista Andaina, apdo. 1058 de Santiago)

Data

Bco/Caixa Oficina

Localidade

Agradecerei-lles que a partir desta data atendan con
carga a miña conta Nº CCC:

Entidade Oficina

Dc Nº de conta

Os recibos presentados pola revista Andaina. Atentamente:

Nome

Apelidos


Sinatura do/a titular da conta:



Mulleres e educación en Galiza

Libros


MARCO, Aurora: *Mulleres e educación en Galiza. Vidas de mestras*, Sada (A Coruña), Edicións do Castro, 2002.

 M. TILVE

Aurora Marco leva xa moito tempo dedicada a recuperar a memoria de mulleres, mestras de Instrucción Primaria, moitas veces pioneiras que, case sempre en condicións moi adversas, conseguiron avances a través da instrucción e da educación na emancipación da muller.

Mulleres que tiveron que loitar con todos os atrancos que a sociedade da época lle puxo no camiño pero que foron quen de dar, unhas veces pequenos e outras grandísimos pasos, para ir abrindo pouco a pouco portas que estaban totalmente pechadas e que axudaron ao resto a ter a posibilidade de acceder ao coñecemento, á formación e polo tanto a ser máis libres. En palabras da autora o ensaio é: «un recoñecemento ás que nos precederon, galegas que saíron dos estreitos lindes do lar en épocas marcadas pola hostilidade cara a actividade pública feminina».


O estudo está dividido en dúas partes, na primeira dedicada á *Polemica sobre a educación das mulleres en Galiza (1850-1936)*, a autora expón, analiza e ilustra con textos, as dúas correntes de pensamento sobre o tema, a que se posiciona a fa-



vor de que a instrucción que tiñan que recibir as mulleres debería estar relacionada única e exclusivamente co seu papel no fogar e a que, aínda que moi minoritaria, consideraba ás mulleres coas mesmas capacidades e dereitos que os homes.

A segunda parte *Vidas de mestras* recupera a historia silenciada de tres destas mulleres, Concepción Sáiz (Compostela, 1851), docente e escritora, comprometida coa renovación pedagóxica e co papel que lle correspondía á muller na sociedade e consciente de que a educación era o factor fundamen-

tal para a súa promoción. Antonia de la Torre García (Porto do Son, 1894), mestra durante corenta e oito anos na parroquia de Fruíme, no concello de Lousame, muller de ampla formación intelectual e grande consideración social entre os seus conveciños, moi interesada pola cultura material e espiritual da zona da que recompilou un moi importante material etnográfico. Antía Cal Vázquez (La Habana, 1923) fundadora do Colexio Rosalía de Castro de Vigo, centro educativo pioneiro na Galiza dos anos sesenta e setenta polo seu ideario e práctica educativa e recente Pedrón de Ouro en recoñecemento ao seu labor.

Con este traballo a autora quere sacar á luz o labor, case sempre descoñecido e oculto de moitas ensinantes de grande formación, que do rigor e a profesionalidade, cando non do sacrificio persoal, foron cambiando unha concepción do ensino que as que nos incorporamos á docencia nos anos setenta aínda vivimos. 

O Cairo nos zapatos

Libros

ANGLARILL, Elisabeth:

El Cairo en los zapatos: Retrato de una sociedad en el país del Nilo, Barcelona, Flor del Viento, 2003.

Páxina web propia:


<http://www.elcairoenloszapatos.com>

*Dedicado a Sara e Muna, pola súa
xenerosa axuda*

 LAURA GÓMEZ

Curioso e ben acertado título, sen dúbida, para un libro sorprendente que se define como *relato xornalístico*. Título evocador dalgúns outros de guías de viaxes, aínda que nada teña en común con elas e na súa sinxeleza faga referencia a unha realidade vivida de xeito afectivo: «“Non se pode andar polo Cairo mantendo os zapatos limpos”. Ese é un dos primeiros pensamentos que me asalta cada vez que chego á capital de Exipto. Aínda que parece algo superficial, non o é en absoluto. “Así calquera pode lembrar que está no medio do deserto” díxome un vello amigo xornalista».

Autora de *Periodistas en peligro* (Flor del Viento) e reporteira do programa de TVE «El escarabajo verde», Elisabeth Anglarill é, entre outras cousas, membra da Comisión de Xornalismo Solidario do Colexio de Xornalistas de Catalunya. Dous anos de visitas periódicas ao Cairo –antes e despois da invasión de Iraq, o traballo está publicado a finais do 2003– fóronlle precisos para recoller o material e dar forma a *El Cairo en los zapatos*. Un libro que quixo facer para aclarar algúns aspectos do mundo árabe mal coñecidos ou mal interpre-



tados, sobre os que con frecuencia os medios de comunicación inciden reflectindo unha imaxe negativa do árabe e do islámico. Fronte a iso, nesta obra atopamos xentes que «queren solucións globais en lugar de escisións desgarradoras».

Unha mestura de xéneros sitúanos ante tres niveis de lectura tecidos con habilidade: un fio narrativo en primeira persoa, a de Sara, xornalista procedente de Barcelona, que vai contando o propósito e avances do seu traballo, o encontro con Muna, xornalista exipcia, e a evolución da súa amizade; un considerable abano de entre-

vistas a personalidades da vida pública cairota; e un conxunto de datos significativos sobre a historia, a sociedade e a cultura exipcias que Muna vai recollendo para Sara ou está sintetizada por indicación de Muna e cuxa lectura podemos compartir. Deste xeito, as entrevistas quedan debidamente contextualizadas arroupadas polo argumento narrativo e os resumos de datos xustificados no esquema de traballo de Sara (unha diferenciación tipográfica no corpo da letra entre a narración e os outros textos axuda á persoa lectora a volver con máis precisión sobre o lido ou deixar para outro momento algún apartado).

Hai neste libro unha multiplicidade de voces protagonistas que abrangue un espectro amplísimo, persoas deliberadamente escollidas dentro dunha elite social, política e cultural que configura o xermolo dunha sociedade civil, falando das súas preocupacións e expectativas, dos proxectos de futuro. Elite obviamente chamada a converterse no motor de pensamento do país, tendo en conta, ademais, que Exipto sofre unha taxa de analfabetismo que supera o 40%

e que nel hai una gran diversidade de estratos sociais, sendo a clase media practicamente inexistente. Un exhaustivo traballo, pois, a nosa disposición lectora, tras o que se perciben as moitas horas de reflexiva dedicación.

E hai tamén un conxunto de voces femininas nas protagonistas do relato –que son só parcialmente unha ficción, segundo a autora–, «dous alter ego, representacións de persoas que existen, así como o seu entorno [...] Sara é unha espectadora que recolle testemuños e Muna é a síntese das Yasmin, Amal, Omayma, Rima, Sarah, Hala... mulleres que coñecín no Cairo e que, cada unha a súa maneira, queren mellorar o mundo no que viven». Tan verosímiles e próximas que poderían ser amigas nosas. Todo un acerto crear dous personaxes femininos a partir dunha colectividade de mulleres anónimas, de mulleres sen representatividade para falar, como protagonistas, dunha sociedade onde a súa presenza pública é case anecdótica.

O aporte de datos e matices ten unha singular profundidade e riqueza. A autora manexa unha inxente cantidade de información que en ningún momento resulta un lastre, ao que hai que sumar as opinións e comentarios de fondo calado de moitas das persoas entrevistadas. Lonxe de mergullarnos nun estado de confusión abraiante, todo isto faranos reflexionar

abondo sobre as identidades persoais e colectivas, propias e alleas, sobre as construcións de interesadas diferenzas e o seu fomento. Parella á sensación de que son máis as nosas similitudes que as diferenzas, conforme avanzamos na lectura, a relación entre Muna e Sara vai evoluíndo, tras superar algunhas iniciais reticencias mutuas, para converterse nunha sólida amizade. Outro aspecto salientábel consiste precisamente en que a finura analítica e o rigor intelectual non escatiman espazo para o humor, para a tenrura.

O pouso que queda ao rematar é unha panorámica da complexa sociedade exipcia, unha simpatía pola hospitalidade das súas xentes e o seu afán de ser coñecidas de maneira non tendenciosa nin reducionista, aínda que haxa algúns enfoques, opinións ou situacións que non compartamos. Porque como Elisabeth Anglarill di no prólogo –todo el unha declaración de intencións–, «o que teño aprendido é que as veces o conflito está máis nas imaxes que nas persoas. As identidades bátense nos foros públicos e en enfrontamentos alporizados de xeito artificial. Na vida diaria as relacións humanas son moito máis simples».

Estou convencida de que é un traballo verdadeiramente honesto, aínda que non comparto a idea de que sexa unha obra escrita «desde Exipto e por exipcios» téndose au-

tora convertido só «na súa canle de comunicación», tal e como ela afirma. Supoño que escribiu esas palabras desde o propósito de esvaeecer a súa intervención ata desaparecer, para que as voces exipcias fosen as protagonistas absolutas. O que cadra moi axeitadamente co xogo literario de que sexan outras, Muna e Sara, quen nos guíen no periplo cairota. Mais a obxectividade pura non existe e cada quen, en maior ou menor medida, está influída ou influído pola súa percepción da realidade, pola súa cultura, malia que cuestionemos todo iso ou en ocasións poida pesarnos. Esa *canle* é un ser muller pensante e sentinte, que, á marxe do relato, selecciona temas, persoas para ser entrevistadas e organiza a información; mais lonxe de considerar iso unha eiva, estimo que é unha virtude, pois Elisabeth Anglarill consegue mesmo transmitir emocións nas preguntas que Sara formula, nas súas verbas, nada é neutro. Neste sentido, Sara non é –non pode selo– unha mera *espectadora*, porque como demostra nas páxinas deste *retrato dunha sociedade no país do Nilo*, é unha *espectadora* que interpreta, que rebate, que emite opinións, que apunta percepcións sobre feitos e persoas. En definitiva, semella ser un personaxe que comparte moitos trazos coa autora, e así, coa súa propia voz, veña de onde ela veña, é como ten entidade, realismo, presenza. 6

Axenda

Puntos de venta

A Coruña

- Librería Couceiro. Praza do Libro, 12
- Librería Xiada. Avd. de Fisterra, 76-78
- Librería Lume. Rúa Fernando Macías

Pontevedra

- Librería Michelena. Rúa Michelena, 22
- Librería Paz. Peregrina, 29

Santiago

- Librería Couceiro. República del Salvador, 9
- Librería Pedreira. Rúa do Home Santo, 55
- Baba. Área Central
- El Kiosko. Praza de Galicia

Ourense

- Livraria Torga. Rúa da Paz, 12



C. Betanzos, nº. 15
Santiago de Compostela
Tel.: 981 563 677

PUBLICIDADE



Benito Corbal. 16
986 850 086 (4 líneas). Pontevedra

ALGÚNS ENDEZOS E TELÉFONOS DE INTERÉSE

A Coruña

- Centro de Información dos Dereitos da Muller**
Polígono de Elviña (zona de Birloque s/n). Tel.: 981 282 044

Santiago

- Servicio de Asesoramento das Mulleres Concellería da Muller**
Horario: mañá de 10 a 13 / tarde dos luns, mércores e venres de 17 a 19 h.
Praza da Constitución s/n. Tel.: 981 571 461
- Centro de Información dos Dereitos da Muller. Alecrín**
Horario: 9:30 a 1:30 / 5 a 8 h. de luns a venres.
Rúa Galeras, 13-3º oficina 6. Tel.: 981 573 913
- Centro de día para mulleres protitutas**
Horario: 10 a 2 / 5 a 8 h. de luns a venres.
Rúa Galeras, 13, 3º-E. Tel.: 981 554 115

Vigo

- Coordinadora Feminista de Vigo**
Colon 9. Entrechán, oficina 4. 36201 Vigo. Tel.: 986 220 464
- Alecrín**
Centro de Documentación, biblioteca, hemeroteca
Horario: 10 a 1:30 / 4 a 8 h. de luns a venres.
García Barbón, 30 - 5º. Oficina 8
Tel.: 986 439 459
- Centro de día para mulleres protitutas**
Horario: 10 a 2 / 5 a 8 h. de luns a venres.
Rúa Elduayen, 23-1º. Tel.: 986 224 193
- Centro xove de saúde sexual e anticoncepción**
Horario: 10 a 1:30 / 5 a 8 h. de luns a venres.
Rúa Lugo, 2-1º. Tel.: 986 443 246
- Casa da Muller**
(Centro Municipal de Asesoramento dos Dereitos da Muller)
Rúa Romil, 20. Tel.: 986 293 963
- Plataforma de Madres en Acción**
Pizarro, 53-5º D. Tel.: 986 417 976

Vilagarcía de Arousa

- Asamblea de Mulleres de Arousa**
Doctor Carus, 7 – Oficina-G. Ed. León XII

Pontevedra

- Asesoría Xurídica Mulleribus**
- Asamblea de Mulleres de Pontevedra**
Benito Corbal, 36-1º. Tel.: 986 865 028
Horario: Martes e Xoves de 19 a 21 h.
- Xanela.** Apartado 90. 36810 Redondela

Ourense

- Asociación Galega da Muller**
Apartado 679

S.G.I.

- Servicio telefónico de asesoramento gratuito. Tel.: 900-400 273



Victoria Ocampo

A ensaísta arxentina Victoria Ocampo naceu en Buenos Aires en 1890. A súa familia, dunha marcada tradición cultural, pertencía á alta sociedade. O fundador da familia Ocampo fora un galego conquistador que chegara a Santo Domingo na época dos Reis Católicos e por parte de nai, descendían dun dos fundadores da cidade de Buenos Aires. Cando era unha nena os seus pais instálanse na Francia. Desá época e da súa educación na Sorbona parten o seu respecto pola cultura europea e a súa vontade de introducila no clima social e cultural arxentino. O seu primeiro libro, un estudo sobre a *Divina Comedia* de Dante Alighieri, publicouno aos 33 anos.

Victoria funda e financia cos seus propios fondos a revista *Sur*, cabeceira desde a que grandes personalidades da época se vinculaban á Arxentina e que deu a coñecer a autores como Jorge Luis Borges, Juan Rulfo, Adolfo Bioy Casares ou Ernesto Sábato. Por aquel entón convertiuse na anfitriona de grandes persoeiros do ámbito cultural internacional (Ortega e Gasset, Rabindranath Tagore, André Malraux, Albert Camus...)

En 1953 estivo en prisión pola súa aberta oposición ao goberno de Juan Domingo Perón. En 1967 convírtese en doutora honoris causa pola Universidade de Harvard. En 1976, baixo a dictadura militar do xeneral Videla, é nomeada membro da Academia Arxentina de Letras, convertíndose na primeira muller en ocupar ese lugar. En novembro de 1977 a xunta militar convoca ao Diálogo das Culturas organizado pola UNESCO, é entón cando Victoria concreta a doazón de «Villa Ocampo» (sede do encontro) ao organismo internacional.

Victoria Ocampo morre en San Isidro o 27 de xaneiro de 1979.